



ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

DOCUMENTO CARTOGRÁFICO E ESTATÍSTICO DE ANÁLISE TERRITORIAL

**UNIDADE DE PROMOÇÃO E DESENVOLVIMENTO
MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO**

ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

**Documento cartográfico e estatístico de
análise territorial**

Publicación elaborada pola Unidade de Promoción e Desenvolvemento da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.

Equipo Redactor:

Clotilde Collazo Rodríguez
Xabier Méndez Martínez
M^a José Piñeira Mantiñán
Xulio Troitiño Dapena
Zara Pousa Arbones
F. Gabriel Quintáns Ríos

Equipo de apoio en delineación:

África Marchante Pérez

Edita:

Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

Imprime:

Tórculo Artes Gráficas

Depósito Legal:

VG – 487 - 2004

Equipo técnico da UPD:

Blanca González De La Cuesta
Julio A. López Walliser
Silvana Martínez Rodríguez
Isabel Pérez Núñez
F. Gabriel Quintáns Ríos
Xulio Troitiño Dapena
Susana Rivadulla López

Persoal de apoio da UPD:

Pilar Barreiro Magdalena
África Marchante Pérez
Cristina Lago Martínez
Leopoldo A. Pereira Rodríguez

Directora da UPD:

Zara Pousa Arbones

ÍNDICE DE MAPAS

I. ENCADRE TERRITORIAL E ADMINISTRATIVO

1. Situación da Mancomunidade de Vigo.....	9
2. Concellos integrantes da Mancomunidade	11
3. Superficie dos concellos da Mancomunidade.....	13
4. Estructura parroquial	15
5. Partidos xudiciais.....	17
6. Comarcas.....	19
7. Mancomunidades de municipios	21

II. MEDIO FÍSICO E RECURSOS NATURAIS

1. Características climáticas	25
2. Relevo	27
3. Rede hidrográfica.....	29
4. Superficie de praia	31
5. Costa	33
6. Espacios naturais.....	35
7. Coutos e refuxios de caza	37

III. EFECTIVOS POBOACIONAIS E EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA

1. Efectivos demográficos por concello.....	41
2. Distribución porcentual por concello.....	43
3. Densidade demográfica por concello.....	45

4. Efectivos demográficos por parroquia	47
5. Densidade demográfica por parroquia	49
6. Evolución da poboación por concello (1900-2001).....	51
7. Evolución da poboación entre décadas por concello	53
8. Máximo crecemento intercensal por concello	55
9. Evolución da poboación por parroquia (1900-2001).....	57
10. Evolución da poboación entre décadas por parroquia	59

IV. ESTRUCTURA DEMOGRÁFICA

1. Estructura demográfica por sexo e idade	63
2. Distribución da poboación municipal por grandes grupos de idades	65
3. Taxa de masculinidade e feminidade	67
4. Índice de dependencia.....	69
5. Índice de dependencia senil e xuvenil	71
6. Taxa de avellentamento	73

V. MOVEMENTO NATURAL DA POBOACIÓN E MOVEMENTOS MIGRATORIOS

1. Taxa de natalidade	77
2. Taxa de mortalidade	79
3. Taxa de crecemento vexetativo	81
4. Emigración interior	83
5. Inmigración total	85
6. Saldo migratorio total.....	87

VI. VIVENDA E ENTIDADES DE POBOACIÓN

1. Distribución de vivendas por concello 91
2. Distribución de vivendas por parroquia 93
3. Localización e tamaño das entidades de poboación..... 95

VII. NIVEL DE FORMACIÓN DA POBOACIÓN E MERCADO DE TRABAÑO

1. Nivel formativo da poboación 99
2. Taxa de actividade por concello 101
3. Taxa de actividade por sexo 103
4. Taxa de ocupación por concello..... 105
5. Taxa de ocupación por sexo 107
6. Taxa de ocupación no sector primario..... 109
7. Taxa de ocupación no sector secundario..... 111
8. Taxa de ocupación no sector terciario..... 113
9. Taxa de ocupación por profesión 115
10. Taxa de ocupación por profesión e sexo..... 117
11. Taxa de paro por concello..... 119
12. Taxa de paro por sexo 121

VIII. SECTORES PRODUCTIVOS E ACTIVIDADE ECONÓMICA

1. Aproveitamentos agrícolas..... 125
2. Explotacións agrarias 127
3. Montes veciñais en man común..... 129
4. Actividades económicas 131
5. Parques empresariais 133
6. Rexistro de actividades industriais 135
7. Explotacións mineiras 137
8. Actividade comercial..... 139
9. Establecementos de hostalería 141
10. Índice turístico..... 143

IX. NIVEL DE RENDA E OUTROS PARÁMETROS DE DESENVOLVEMENTO

1. Nivel de renda..... 147
2. Parque móbil 149
3. Nivel de cobertura de telefonía fixa 151
4. Entidades bancarias 153
5. Tecido asociativo..... 155

X. ORGANIZACIÓN DO TERRITORIO, INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS

1. Planeamento urbanístico vixente..... 159
2. Rede viaria 161
3. Infraestrutura portuaria 163
4. Aeroporto de Peinador..... 165
5. Servizos sanitarios 167
6. Servizos á terceira idade 169
7. Equipamento cultural..... 171
8. Centros educativos 173
9. Universidade de Vigo..... 175

XI. PATRIMONIO CULTURAL E RECURSOS TURÍSTICOS

1. Patrimonio 179
2. Bens de Interese Cultural..... 181
3. Recursos turísticos 183


INTRODUCCIÓN

A Unidade de Promoción e Desenvolvemento da Mancomunidade (UPD) da Área Intermunicipal de Vigo ten como finalidade actuar sobre as potencialidades de desenvolvemento do seu ámbito de actuación, incidindo en campos tan variados como o emprego, conservación do patrimonio, o turismo, etc. Neste sentido, o equipo realiza diagnósticos territoriais e análises dos seus recursos de cara á programación e implantación de iniciativas e proxectos que traten de favorecer determinados aspectos do territorio.

Para poder establecer estratexias coherentes coa realidade territorial necesítanse coñecer os datos principais que a definen. Durante os últimos anos, a UPD veu realizado un traballo exhaustivo de captación e procesamento de información estatística e territorial, co fin de poder realizar análises multidisciplinares, ofrecer información específica ós diferentes actores sociais da área de Vigo ou elaborar e redactar estudos concretos.

Hoxe en día, o emprego dun Sistema de Información Xeográfico permite actualizar dita información dun xeito inmediato ó tempo que ofrece a posibilidade de interrelacionar variables que van incidir sobre o desenvolvemento do territorio. Para a execución deste sistema e elaboración deste traballo, elaboráronse diversas bases de datos con información desagregada tanto a nivel municipal como parroquial que se vincularon posteriormente a una cartografía dixital base a escala 1:25.000 dos 12 concellos que conforman a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.

Á información e datos recollidos aplicóuselle un tratamento estatístico e cartográfico que permitiu obter o presente traballo que pretende ofrecer as características do territorio da área de Vigo, dos seus concellos e dos seus contrastes internos a través de diversos parámetros representados en diferentes mapas temáticos estruturados en 11 capítulos que reflicten tanto información territorial, demográfica e social como económica.



I. ENCADRE TERRITORIAL E ADMINISTRATIVO

SITUACIÓN DA MANCOMUNIDADE DE VIGO NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

A Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV) está situada ó sureste da provincia de Pontevedra, entre a Ría de Vigo e a fronteira portuguesa.

Limita ó norte cos concellos de Pontevedra, Ponte Caldelas e A Lama. Ó leste coa provincia de Ourense e os concellos de Mondariz, Pontearreas e As Neves. Ó sur con Portugal e os concellos de Tui, Tomiño e Oia. E ó oeste coa Ría de Vigo.

Este territorio ocupa unha área de 676,66 km², que representa o 15,05% da superficie da provincia de Pontevedra e o 2,29% da galega.


Pola súa situación xeográfica e a dotación de infraestruturas de comunicacións goza dunha grande importancia estratéxica á hora de

relacionarse con Portugal. De feito, a *raia* galego-portuguesa é unha fronteira que se atravesa con relativa facilidade chegando a ser considerada por algúns autores como a saída natural de Galicia (o val do Miño implica unha continuidade, nunca unha ruptura e as montañas do interior son pouco vigorosas) fronte ós obstáculos que existen para comunicar á rexión galega coa meseta. (Bertrand, 1992, Lois e Martínez, 1998).

A rexión do Miño vai actuar como enlace entre dous espazos máis dinámicos da eurorrexión, a aglomeración urbana de Vigo e a área metropolitana de Porto. Unha eurorrexión composta por 400 concellos, dos que 315 pertencen á Galicia, que ocupan unha superficie de 51.000 km² e nos que se concentra un continxente demográfico que supera os 6 millóns de habitantes, o que se traduce nunha densidade de poboación de 123 hab/km².

Esta eurorrexión estase a configurar actualmente como un espazo de forte intercambio social, económico e cultural, cheo de oportunidades e cun gran potencial de desenvolvemento futuro.

SITUACIÓN DA MANCOMUNIDADE DE VIGO NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA



CONCELLOS INTEGRANTES DA MANCOMUNIDADE

A Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo está composta por 12 concellos, que si ben viven unha realidade económica e social bastante heteroxénea, posúen un eixo vertebrador: a aglomeración urbana de Vigo, centro neurálxico da súa vida económica e social.

Esta heteroxeneidade ben dada polas distintas dinámicas que seguen os concellos no referente a:


- O carácter urbano e rural: Vigo é o concello que acolle a maior aglomeración urbana do sur da provincia de Pontevedra. A cidade olívica ten a súa prolongación principalmente no concello de Redondela, aínda que tamén no de Nigrán. A medida que nos alonxamos do centro neurálxico vigués, atopámonos con concellos, que se ben nun pasado puideron considerarse como rurais, co tempo as actividades económicas implantadas neles para a explotación dos seus recursos provocaron unha transformación na súa paisaxe e costumes, podendo ser consideradas na actualidade como pequenos núcleos urbanos e espazos de transición cara aqueles concellos que aínda conservan

un marcado carácter rural (Fornelos de Montes, Pazos de Borbén, Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño).

- O grao de ocupación do territorio, reflectido nunha maior concentración demográfica nos concellos do litoral que se vai facendo máis feble cara ó interior.
- O Nivel de actividade da poboación e a representatividade de cada sector, podendo diferenciar concellos nos que a actividade industrial é a base económica doutros nos que a multiplicidade de actividades ou o predominio do sector servicios é a tónica predominante.
- O diferente dinamismo económico rexistrado, pois no litoral é onde se concentran a meirande parte das empresas.
- O diferente grao de atracción turística que teñen os concellos da área. Así, mentres que os concellos costeiros presentan unha maior demanda turística, os do interior teñen maiores dificultades para a posta en valor dos recursos que posúen.

En conclusión, pódese sinalar que ó igual que acontece no conxunto do territorio galego, obsérvase unha dicotomía entre o espacio urbano e rural, pois mentres que no primeiro se concentra un maior volume de poboación e existe un gran dinamismo económico, no segundo estase a perder poboación ó tempo que se rexistra unha escasa actividade económica.

CONCELLOS INTEGRANTES DA MANCOMUNIDADE



SUPERFICIE DOS CONCELLOS DA MANCOMUNIDADE DE VIGO

A MAIV ten unha superficie total de 676,66 km², o que representa o 15,05% da superficie da provincia de Pontevedra e o 2,29% da superficie de Galicia.

Dentro da Mancomunidad distínguense tres tipos de concellos, segundo o seu tamaño:


- Aqueles que posúen unha maior extensión, como son Vigo, Fornelos de Montes e Gondomar. A superficie de cada un deles supera o 10% da extensión total da Mancomunidad, chegando a representar estes tres concellos en conxunto case o 40% do territorio.
- Os que se poden considerar de tamaño medio (Salvaterra de Miño, O Porriño, Mos, Redondela e Pazos de Borbén), nos que a superficie de cada municipio supón unha porcentaxe que está entre o 6% e o 10% da superficie total da Mancomunidad.
- Os concellos de menor extensión (Nigrán, Baiona e Soutomaior), que non chegan, en ningún caso, o 6%.

Superficie municipal e
porcentaxe que representa cada concello con respecto ó total da
Mancomunidad

Concello	Superficie (km ²)	Porcentaxe Sobre o total
Baiona	34,26	5,06%
Fornelos de Montes	83,80	12,38%
Gondomar	74,84	11,06%
Mos	53,27	7,87%
Nigrán	34,93	5,16%
Pazos de Borbén	49,96	7,38%
O Porriño	61,31	9,06%
Redondela	51,97	7,68%
Salceda de Caselas	36,10	5,34%
Salvaterra	61,79	9,13%
Soutomaior	24,99	3,69%
Vigo	109,44	16,17%
MAIV	676,66	100,00%

Fonte: INE. Censo de Poboación e Vivendas 2001

SUPERFICIE DOS CONCELLOS DA MANCOMUNIDADE DE VIGO



ESTRUCTURA PARROQUIAL

A parroquia foi, desde sempre, considerada unha forma elemental de organización eclesiástica, baixo a xurisdicción dun cura. Pero en Galicia ten un significado máis amplo, xogando un papel de célula básica de organización do espazo, de relación social e veciñanza para unha infinidade de comunidades campesiñas vencelladas á propiedade da terra (Zoido, et al, 2000). Esta forma de organización mostra aínda hoxe unha grande capacidade.

Desde un punto de vista histórico a importancia da parroquia faise evidente. Así, por un lado, foi tomada como unidade territorial básica para a elaboración do Catastro de Ensenada ou Diccionario de Madoz, e actualmente o Nomenclátor, e por outro, ó servir o seu agrupamento de base para confeccionar en 1833 os municipios.


Actualmente o Estatuto de Autonomía de Galicia reconece a súa personalidade xurídica, aínda que a súa consideración ós efectos da ordenación do territorio é insuficiente.

Dentro da Mancomunidad, pódense contabilizar 113 parroquias, sendo Vigo o concello que conta cun maior número delas (18), o que non é de estrañar, xa que se trata do concello de maior tamaño. No extremo contrario está Soutomaior con tan só 2 parroquias, e en posicións intermedias o resto de municipios.

Concello	Nº de parroquias
Baiona	6
Fornelos de Montes	7
Gondomar	10
Mos	10
Nigrán	7
Pazos de Borbén	8
O Porriño	8
Redondela	13
Salceda de Caselas	7
Salvaterra	17
Soutomaior	2
Vigo	18
MAIV	113

Fonte: De Torres Luna, M. P. Parroquias y arciprestazgos de Galicia. 1994

ESTRUCTURA PARROQUIAL



PARTIDOS XUDICIAIS

O partido xudicial é unha división básica da Administración de Xustiza de España, na que se inscribe o primeiro escalón dos órganos xudiciais: os xulgados de primeira instancia e instrucción.

Os partidos xudiciais apareceron por primeira vez no ano 1834, pouco despois de que foran creadas as provincias, e viñeron a completar a división administrativa do Estado. Na actualidade están regulados pola Lei de 28 de decembro de 1988 de Demarcación e Planta Xudicial, a cal pretende achegar a xustiza ós xustizables, tal e como consagra a Constitución Española.


O partido xudicial está composto por un concello cabeceira e varios concellos limítrofes dunha provincia.

Dentro da Mancomunidade de Vigo pódense distinguir 3 partidos xudiciais:

- Redondela: a súa área de competencia comprende os concellos de Redondela, Soutomaior, Pazos de Borbén e Fornelos de Montes.
- Vigo: abrangue ós concellos de Vigo, Nigrán, Gondomar e Baiona.
- Mos: pertencen a este partido os concellos de Mos, O Porriño e Salceda de Caselas.

Mención aparte, está o caso de Salvaterra de Miño, que pertence ó Partido Xudicial de Ponteareas, no que o ámbito de actuación, a excepción deste concello, se desenvolve fora do ámbito territorial da MAIV. O resto de concellos que o conforman son Arbo, A Cañiza, O Covelo, Crecente, Mondariz, Mondariz-Balneario, As Neves e Ponteareas.

PARTIDOS XUDICIAIS



COMARCAS

A comarca constitúe unha unidade territorial supralocal intermedia entre o concello e a provincia. Esta non ten que desenvolver necesariamente competencias administrativas, posto que aínda que a Constitución Española abre as portas para a creación de organismos de ámbito supramunicipal, deixa total liberdade ás comunidades autónomas para a constitución de tales entes, así como a distribución das súas competencias.

O Estatuto de Autonomía de Galicia reconece no seu artigo 40 á comarca como entidade local con personalidade xurídica e demarcación propia, pero que non suporá, necesariamente a supresión dos municipios que a integran.


A regulamentación que rexe a estes organismos pasou por distintas fases, que perseguiron a constitución da comarca como un instrumento que integra nas áreas comarcais prefixadas a acción das distintas administracións públicas implicadas. Estas fases viñeron marcadas pola seguinte lexislación:

- Resolución do 9 de Xaneiro de 1991 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 14/12/1990, no que se establece o Plan de Desenvolvemento Comarcal.
- Lei 7/1996, do 10 de Xullo, de Desenvolvemento Comarcal.
- Decreto 65/1997, do 20 de Febreiro polo que se aproba definitivamente o Mapa Comarcal de Galicia.
- Decreto 335/1998, do 27 de Novembro, polo que se regulan as áreas funcionais.
- Decreto 340/1998, do 20 de Novembro, polo que se regulan as funcións e os órganos provinciais dependentes da Secretaría Xeral de Planificación e Desenvolvemento Comarcal.

No que se refire ó territorio da Mancomunidade, a case totalidade dos concellos que a integran están dentro da comarca de Vigo segundo o Mapa Comarcal establecido pola Xunta de Galicia en 1997.

Mención aparte, merece o concello de Salvaterra de Miño, que segundo o mapa comarcal estaría dentro da comarca do Condado, que está composta, ademais, polos municipios de Mondariz, Mondariz-Balneario, Ponteareas e As Neves.

COMARCAS



Fonte: Mapa comarcal de Galicia, escala 1:250.000. 1997.
Elaboración propia

MANCOMUNIDADES DE MUNICIPIOS

Unha mancomunidade defínese, segundo a Lei de Administración Local de Galicia, como unha entidade local e supramunicipal, constituída pola asociación voluntaria de distintos concellos para a execución ou prestación, en común, de obras, servicios e actividades da súa competencia.

Trátase dunha administración local que non ten carácter territorial, con plena personalidade e capacidade xurídica para a consecución dos fins propostos nos seus propios estatutos, nos que se fixan ademais os órganos, competencias, recursos económicos e prazo de vixencia.


A Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, tivo como antecedentes unha asociación entre os concellos de Cangas, Mos, Nigrán, O Porriño, Redondela, Soutomaior e Vigo, constituída no ano


1986, así como as modificacións introducidas no ano 1991 nunha declaración feita entre os concellos de Baiona, Gondomar, Mos, Nigrán, Redondela, Soutomaior e Vigo. A Mancomunidade baseouse nelas para a creación dos seus propios estatutos no ano 1992.

Ó longo dos anos os seus estatutos foron modificados e existiron altas e baixas dalgúns concellos como foi o caso de Mos.

Actualmente a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo confórmana 12 concellos. Sen embargo, a pertenza a este órgano non impide ós concellos integrantes a súa vinculación a outras asociacións ou mancomunidades de municipios, xa que ó ser un ente voluntario e non estar baseado na territorialidade, permite estas asociacións que moitas veces desenvolven competencias diferentes.

Así, os concellos de Baiona e Nigrán conforman a Mancomunidade do Val Miñor e os concellos de Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño pertencen á Mancomunidade do Condado.





MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

II. MEDIO FÍSICO E RECURSOS NATURAIS

CARACTERÍSTICAS CLIMÁTICAS

A localización xeográfica da MAIV, que se desenvolve ó surlleste da Ría de Vigo, permite que o conxunto do territorio goce dun clima agradable caracterizado polas temperaturas suaves e precipitacións frecuentes durante todo o ano.

A orientación que presenta a propia Ría de Vigo, cunha dirección sudoeste - nordeste, facilita a entrada dos ventos do sudoeste de procedencia oceánica, traendo consigo importantes precipitacións e temperaturas máis suaves.

En liñas xerais, todos os municipios da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo presentan unhas características climáticas semellantes, con pequenas excepcións motivadas polos efectos da altitude e das características locais en determinadas zonas. A práctica totalidade presenta unha evolución anual das temperaturas case parellas. Nos diagramas ombrométricos pódese apreciar como os valores máis altos rexístranse nos meses de verán, xeralmente entre

xullo e setembro, namentres que os máis baixos rexístranse nos meses de decembro e marzo.









As temperaturas medias anuais no conxunto dos municipios da área oscilan entre os 14,8°C de Vigo e os 11,1°C de Fornelos de Montes. O resto dos municipios presentan unhas diferencias mínimas.

No que se refire ás precipitacións obsérvase como están presentes durante todo o ano. O total anual de auga de choiva recollida nos concellos da Mancomunidad oscilan entre os 1.854 l/m² de Fornelos de Montes (índice máis alto) e os 1.242 l/m² que se recollen en Vigo.

A evolución anual destas precipitacións é case paralela na práctica totalidade do territorio da MAIV. Así, a dinámica xeral das mesmas presenta un descenso continuado das choivas dende xaneiro ata os meses do verán, sendo xullo e agosto os que teñen uns niveis máis baixos, para logo comezar a subir progresivamente ata o mes de decembro.

De xeito xeral, pódese afirmar que o territorio da MAIV está enmarcado dentro das características propias do clima Atlántico con tendencia á aridez estival. As precipitacións rexístranse durante todo o ano, sendo máis intensas nos meses de inverno e primavera e menos frecuentes nos meses de verán. As temperaturas son moderadamente altas en verán e suaves en inverno.

DIAGRAMAS OMBROTÉRMICOS



 Precipitacións (mm)
 Temperaturas (°C)

Fonte: Centro Meteorolóxico Territorial de Galicia. 1975 - 1994
 Elaboración propia

*Non se dispón de datos de precipitación de Redondela

RELEVO

A morfoloxía do territorio da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo podémola estruturar en dúas partes diferenciadas: unha que se caracteriza pola gradación ascendente do relevo dende a costa ó interior do territorio interrompido por dous pequenos vales na parte central do territorio cunha dirección norte-sur; e outra que ben dada pola existencia de zonas achairadas regadas por cursos fluviais. No centro-sur atopámonos coa Serra do Galiñeiro, que en dirección norte a sur atravesa ós municipios de Mos e Vigo polo sur, O Porriño polo oeste e Gondomar polo leste.

A *primeira parte* estaría formada polos concellos situados máis á beira da Ría de Vigo e os colindantes con estes: Fornelos de Montes, Pazos de Borbén, Soutomaior, Redondela, Mos, Nigrán, Gondomar e Baiona.


En xeral, a morfoloxía do relevo do conxunto destes territorios caracterízase polas formas planas á beira da costa e, a medida que avanzamos cara o interior, por unha elevación do terreo que vai aumentando gradualmente en dirección oeste - leste. Sen embargo,

esta gradación ascendente do relevo vese interrompida na súa parte central por unha pequena zona achairada no concello de Redondela pola que circulan pequenos cursos fluviais e polo val do río Louro que atravesa os concellos de Mos e O Porriño, ambos cunha dirección norte a sur.

A súa vez, nesta zona diferéncianse dúas subáreas: a norte, formada polos concellos de Fornelos de Montes, onde se atopan as maiores altitudes da Mancomunidad de Vigo, Pazos de Borbén, Soutomaior e Redondela, nos que o relevo se atopa marcado pola presenza de numerosos cursos fluviais; a sur formada por Baiona, Nigrán e Gondomar, presentan unha gran chaira entorno ó río Miño que se vai ensanchando a medida que se achega á costa. As elevacións máis altas do territorio prodúcense no sur de Baiona, motivado pola presenza da Serra da Groba e no leste de Gondomar, debido á presenza da Serra do Galiñeiro.

A *segunda parte* desta estrutura morfolóxica da MAIV estaría formada polos concellos de O Porriño, Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño. Estes concellos caracterízanse pola presenza de vales fluviais abertos que conforman amplas formas planas. As chairas máis importantes localízanse ó sur e leste deste territorio, ás beiras dos ríos Louro en O Porriño, a partir do cal o terreo aumenta en altitude cara os bordes deste concello; o Tea, en Salceda de Caselas e do río Miño ó sur de Salvaterra de Miño.

RELEVO



Fonte: Mapa Topográfico Nacional, escala 1:25.000
Elaboración propia

REDE HIDROGRÁFICA

Os cursos fluviais existentes no territorio da MAIV son numerosos, estando a totalidade dos concellos que a conforman regados por máis dun curso de auga permanente.

As peculiaridades que presenta o relevo permítennos estruturar as características hidrográficas en dous grupos: os ríos que van desembocar á Ría de Vigo e os da cunca do río Miño.

O *primeiro grupo* abarcaría o norte, oeste e sudoeste do territorio da MAIV. É dicir, todos os concellos situados á beira da Ría máis Gondomar, Fornelos de Montes e Pazos de Borbén. Nesta zona sitúanse principalmente os ríos Oitaven, Lagares e Miñor.

De todos estes ríos o máis importante é o Oitaven, que atravesa os concellos de Fornelos de Montes e Soutomaior polo norte. Este recibe a auga de afluentes como o Barragán, que atravesa Pazos de Borbén polo leste e Fornelos de Montes polo oeste, vertendo as súas augas no encoro das Eiras, situado neste último concello.


En Vigo, o río Lagares atravesa o concello en dirección nordeste - sudoeste ata a súa desembocadura, conformando unha ampla zona de val a ambas marxes que chega ata o litoral.

Ó sur destaca a presenza do río Miñor que conforma un val aberto e amplo ata a súa desembocadura en A Ramallosa. Recibe as augas do río Zamáns polo norte, que é o seu principal afluente.

O *segundo grupo* desta rede abarcaría os concellos situados ó sur da MAIV, O Porriño, Mos, Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño. Nestes municipios é onde se localizan os ríos Miño, Tea, Louro e Caselas.

O río Miño é o curso de auga máis importante da Mancomunidade tanto en superficie aforada como en caudal absoluto. Rega ó concello de Salvaterra de Miño polo Sur. Este río recibe as augas de afluentes como o Tea, que atravesa o municipio de Salvaterra en dirección norte-sur; o Caselas, que ten as súas fontes en Salceda de Caselas e exerce de límite entre este concello e Salvaterra de Miño; e o Louro, que atravesa O Porriño e Mos de norte a sur conformando un amplo val a ambas as marxes. Destes afluentes o máis importante é o Tea, tanto por superficie como por caudal, seguido do Louro.

REDE HIDROGRÁFICA



Fonte: Río e Rodríguez, Os ríos galegos. 1992
Elaboración propia

Por último, atópase o concello de Soutomaior, que só representa o 0,04% da superficie total de praias da MAIV, e no que a ratio praia/costa non sobrepasa o 2%.

SUPERFICIE DE PRAIA

O seguinte mapa representa a distribución da superficie ocupada por praias, medida en porcentaxe, con respecto o total de superficie de areas que ten a Mancomunidade de Vigo.

A MAIV ten un superficie total de 381.310 m² de praias, representando ademais o 17,72% da súa liña de costa, o cal é un dato bastante significativo da importancia que ten este recurso nalgúns concellos da zona dado o seu potencial turístico e recreativo.


A distribución desta superficie por concellos non é homoxénea. Así, Vigo e Nigrán, posúen en conxunto o 86,99% da superficie de areas da Mancomunidade, representando as praias, tanto nun caso como noutro, máis do 20% da súa liña de costa.

O resto desta superficie repártese entre Redondela e Baiona, nos que este recurso representa entre o 10% e o 15% da súa liña de costa, respectivamente.



Praia América (Nigrán)

SUPERFICIE DE PRAIA



LIÑA DE COSTA

A liña de costa da Mancomunidade representa 102,70 km. de lonxitude e localízase no borde sur da Ría de Vigo. Aínda que esta só representa unha pequena parte do total da superficie perimetral que representa o territorio da MAIV, dálle un importante carácter marítimo, en canto a que son as actividades relacionadas coa pesca, a construción de barcos, o tráfico marítimo de mercancías e pasaxeiros, e o turismo de praia as que teñen un importante peso dentro de todo o territorio.


A liña de costa da MAIV, dende Soutomaior ata Baiona, caracterízase polo predominio da costa baixa en toda a franxa litoral, sen grandes desniveis nin cantís. Froito deste tipo de costa son os extensos areais que presenta o concello de Vigo en Canido, Vao e Samil e que tiveron continuidade pola badía de Bouzas ata Alcabre, espazos que hoxe se atopan fortemente ocupados por industrias vecelladas ó mar. Esta costa baixa ten continuidade ata Baiona, onde a partir da Punta do Boi comeza xa a costa alta, rochosa e aberta ó Atlántico.

No reparto desta superficie, pódense delimitar tres grupos de concellos:

- Os que posúen máis do 20,1% da superficie costeira. No que estaría soamente Vigo.
- Os que posúen entre o 10% e o 20,1% da superficie costeira. No que estarían Redondela, Nigrán e Baiona.
- Os que posúen menos do 10% da superficie costeira. No que estaría Soutomaior.



Vista da ría de Vigo tomada desde o monte A Guía (Vigo)



ESPACIOS NATURAIS

No territorio da MAIV existen zonas de grande interese natural e paisaxístico, protexidas frecuentemente por figuras legais tales como as de Parque Nacional ou Espacios Naturais Protexidos. Deste xeito, no seguinte mapa pódense apreciar as seguintes áreas:

Illas Cíes (990 ha.): situadas na entrada da Ría de Vigo, forman parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas e están conformadas polas illas de Monteagudo ó norte e a de San Martiño ó sur. A súa riqueza principal reside na importante colonia de aves mariñas que habitan nos seus cantís, na singularidade do seu ecosistema costeiro e na riqueza biolóxica dos seus fondos mariños.

Río Tea (97 ha): ten as súas fontes en Fornelos de Montes aínda que é en Salvaterra de Miño, onde desemboca no río Miño, onde se sitúa o espacio de interese natural. Constitúe un auténtico corredor ecolóxico, no que resalta a importancia do curso fluvial para o salmón atlántico e a boa conservación dos bosques de ribeira.

Serra da Groba: situada ó sueste de Baiona. Presenta unhas excelentes vistas e unha ampla concentración de salgueiros salgados.

A Ramallosa (92 ha.): marismas situadas na desembocadura do río Miño, entre Nigrán, Baiona e Gondomar. Acolle comunidades de aves acuáticas no inverno.

Illas Estelas (713 ha.): pequeno arquipélago situado na boca da enseada de Baiona. Destacan os seus fondos e a colonia de aves mariñas que nela habitan.

Serra do Suído: localizada na parte máis oriental de Fornelos de Montes, presenta unha paisaxe de elevacións e altiplanicies que chegan a acadar unha altitude de mil metros.


Penas de San Cibrán: situadas entre os concellos de Salceda de Caselas, O Porriño e Pontearreas. Este espacio destaca polas xeradas en granito (penedos) que lle dan nome á zona.

Encoro de Eiras, espacio situado no río Oitavén entre os límites dos concellos de Fornelos de Montes e Ponte Caldelas. Constitúe un importante couto de pesca fluvial.

Gándaras de Budiño (834 ha.) no concello de O Porriño, forman unha zona húmida con importantes formacións de bosques de ribeira, vexetación acuática e turbeiras.

Enseada de San Simón (2.252 ha.), situada no fondo da Ría de Vigo entre os concellos de Redondela, Soutomaior e Vilaboa. Constitúe unha grande chaira intermareal dominada por superficies limo-areosas cuberta por praderías de algas.

ESPACIOS NATURAIS



Fonte: Consellería de Medio Ambiente. 2003; Anuario Estadístico de Vigo e a súa Área. Fundación Provigo. 1999;
Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento de Provincia de Pontevedra. 1991
Elaboración propia

COUTOS E REFUXIOS DE CAZA

Dentro dos límites da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo existe unha extensa superficie nas que a práctica da cacería e a pesca está controlada baixo coutos ou refuxios.

A principal diferenza que existe entre estas dúas denominacións é que os coutos de caza teñen que ter unha superficie superior ás 2.000 ha. e neles está permitida esta actividade. Pola contra, nos refuxios de caza a superficie que abranguen é inferior a 500 ha. e neles está prohibida a práctica de calquera destas actividades.

Deste xeito, tal e como se pode observar no mapa, son os concellos situados máis ó norte e ó sur da MAIV os que presentan unha maior superficie acoutada, mentres que na zona centro, ocupada polos concellos de Vigo e Mos, case non existen zonas dedicadas á caza ou á pesca. Esta situación ten unha certa lóxica, xa que estas áreas adoitan localizarse, salvo excepcións, en zonas do interior do territorio da Mancomunidade, onde se presenta un carácter máis montañoso ou existen determinados cursos fluviais.


Por concellos, pódese apreciar como Fornelos de Montes, Pazos de Borbén e Salceda de Caselas son os que teñen unha maior superficie acoutada.

É destacable a presenza de áreas refuxio de caza, vencelladas á presenza de ríos, como o Tea, ou a humedais como a Enseada de San Simón ou A Ramallosa, coincidentes todas elas coa delimitación dos Espacios Naturais Protexidos da Rede Natura 2000.

A caza que se práctica pode ser de tipo maior ou menor, dependendo do couto e das especies cinexéticas que nel habiten. Así, en Fornelos de Montes existen dous coutos, o “TECOR Forneliense” e o “TECOR Serra do Suido”, na parte máis oriental do concello, nos que se poden cazar dende xabarís ou corzos, ata coellos, perdices vermellas ou raposos.


Tamén habería que facer referencia ó couto de Soutomaior, aínda que este nin é se caza senón de pesca, pois está vencellado á presenza dos ríos Oitaven e Verdugo. A calidade da auga do río Oitaven permite que exista unha importante poboación de troitas, reos e salmóns, aínda que a pesca destes últimos está prohibida.

COUTOS E REFUXIOS DE CAZA



Fonte: Documento de Información Cartográfica e Estatística. Ed. MAIV. 1997
 Consellería de Medio Ambiente. 2003
 Elaboración propia

* Non se dispón de información do concello de Mos



MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

III. EFECTIVOS POBOACIONAIS E EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA

EFFECTIVOS DEMOGRÁFICOS POR CONCELLO. 2001

Segundo o Censo de Poboación e Vivendas do ano 2001, a Mancomunidade conta con 403.424 habitantes, concentrando ó 44,64% da poboación da provincia de Pontevedra e ó 14,96% da de Galicia, o que a converte na área de maior peso demográfico a nivel galego.

Dentro da Mancomunidade podemos observar como o concello de Vigo é o centro demográfico da área, xa que conta con 280.186 habitantes, o que representa o 69,45% dos habitantes da mesma.

En torno a el sitúanse dúas áreas ben diferenciadas:

- A zona norte e sureste da MAIV, formada polos concellos que están máis afastados do núcleo urbano de Vigo (Fornelos de Montes, Soutomaior, Pazos de Borbén, Salvaterra de Miño e Salceda de Caselas). Este ámbito é o que conta cun continxente


demográfico menor, non sobrepasando, en ningún caso, cada un dos concellos a cifra dos 10.000 habitantes.

- A zona formada maioritariamente polos concellos limítrofes de Vigo (Redondela, Mos, O Porriño, Nigrán, Gondomar e Baiona), que ten un continxente demográfico bastante importante, que vai dende os 29.003 habitantes de Redondela ós 10.931 habitantes de Baiona.

	Poboación Censo 2001	% poboación con respecto ó total da MAIV
Baiona	10.931	2,71%
Fornelos de Montes	2.066	0,51%
Gondomar	12.176	3,02%
Mos	14.127	3,50%
Nigrán	16.110	3,99%
Pazos de Borbén	3.052	0,76%
Porriño (O)	15.960	3,96%
Redondela	29.003	7,19%
Salceda de Caselas	6.335	1,57%
Salvaterra de Miño	8.073	2,00%
Soutomaior	5.405	1,34%
Vigo	280.186	69,45%
MAIV	403.424	100,00%

Fonte: INE. Censo de Poboación e Vivendas 2001

EFFECTIVOS DEMOGRÁFICOS POR CONCELLO. 2001



Fonte: INE. Censo de Poboación e Vivenda. 2001
Elaboración propia

DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DA POBOACIÓN POR CONCELLO. 2001

Para coñecer a distribución territorial da poboación da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo represéntase o reparto porcentual da mesma entre cada un dos concellos.

Deste xeito, pódese observar como o concello de Vigo é o maior núcleo de concentración demográfica da comarca, aglutinando ó 69,45% dos habitantes da mesma.


A continuación está o concello de Redondela representando o 7,19% dos efectivos demográficos do total da Mancomunidade de Vigo e todos aqueles concellos situados en torno a Vigo (Mos, O

Porriño, Gondomar, Nigrán e Baiona), que teñen uns valores, cada un deles, en torno ó 3%.

Por último, os concellos máis afastados do centro urbano de Vigo, representan uns valores individuais que nunca se atopan por riba da cifra do 2%. Neste grupo están os concellos de Fornelos de Montes, Pazos de Borbén e Soutomaior, situados ó norte da Mancomunidade, así como Salvaterra de Miño e Salceda de Caselas, municipios situados ó sur.

En conclusión, poderíase dicir que a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo presenta un reparto da poboación que xira en torno ó gran centro urbano de Vigo e, a medida que nos alonxamos del, o peso demográfico dos concellos diminúe.

DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DA POBOACIÓN POR CONCELLO. 2001



DENSIDADE DEMOGRÁFICA POR CONCELLO. 2001

A **densidade demográfica** mostra como está distribuída a poboación no espazo e é a relación entre a poboación e a superficie. Desta forma pódense facer comparacións entre a situación demográfica de varios territorios con tamaño distinto.

$$N^{\circ} \text{ de habitantes} / \text{Superficie en km}^2$$


Segundo os datos aportados polo Censo de Poboación e Vivendas 2001 a MAIV, en conxunto, presenta unha densidade demográfica de 596,20 hab/km², valor moi por encima da media da provincia de Pontevedra, que para o mesmo ano é de 201,05 hab/km². Se facemos a comparación a nivel galego, as diferencias aínda son maiores, pois a densidade demográfica de Galicia sitúase nos 91,15 hab/Km².

Sen embargo, dentro da Mancomunidade a distribución desta poboación non é homoxéneo. Así, a través do seguinte mapa pódese observar como as maiores concentracións de poboación están na zona costeira e canto máis cara o interior da MAIV penetramos, menor é a densidade de poboación.

Deste xeito, son os concellos de Fornelos de Montes e Pazos de Borbén os que presentan un maior despoboamento, estando a súa densidade en valores por debaixo da novena parte da media da área.

En conclusión pódese afirmar que a Mancomunidade é un territorio densamente poboado se o comparamos co resto de Galicia, pero existindo fortes contrastes entre a cidade de Vigo e zonas costeiras e as áreas do interior.

DENSIDADE DEMOGRÁFICA POR CONCELLO. 2001



EFFECTIVOS DEMOGRÁFICOS POR PARROQUIA. 2001

No seguinte mapa pódese observar a distribución dos efectivos demográficos por parroquias da MAIV. Este dato dará unha representación bastante detallada de como está asentada a poboación dentro do contexto xeográfico da Mancomunidade.

Así, cabería falar de que na área existe tres subáreas demográficas que xiran en torno ó casco urbano de Vigo:

- O primeiro núcleo está formado pola maior parte das parroquias que pertencen ó concello de Vigo e por algunhas de Redondela e Nigrán. Este núcleo está integrado por 13 parroquias que contan con máis de 4.000 habitantes, cada unha delas, e que concentra ó 70% da poboación da Mancomunidade.
- A seguinte subárea está composta polas parroquias dos concellos costeiros, así como as de Gondomar, O Porriño, Mos, Salceda de


Caselas e algunha das de Pazos de Borbén. Esta área está integrada por 74 parroquias que teñen entre os 500 e os 4.000 habitantes, e absorben o 28% da poboación da Mancomunidade.

- Por último, está a subárea formada polas parroquias dos concellos de Fornelos de Montes e Salvaterra de Miño, na que se atopan 26 parroquias con menos de 500 habitantes, cada unha delas, e na que tan só vive o 2% da poboación da Mancomunidade.

En conclusión, pódese apreciar a influencia do factor de mlocalización costeira no asentamento demográfico, o cal garda estreita relación co maior dinamismo económico, así como o maior atractivo dos espazos mellor comunicados.

Ademais, obsérvase como as maiores concentracións de poboación se localizan en torno ós núcleos principais de cada concello, onde se sitúan a meirande parte das actividades comerciais e de servizos.

EFFECTIVOS DEMOGRÁFICOS POR PARROQUIA. 2001



DENSIDADE DEMOGRÁFICA POR PARROQUIA. 2001

Para coñecer as áreas onde hai un maior volume de habitantes por unidade de superficie (Km²), preséntase a continuación a densidade demográfica de cada unha das parroquias que compoñen a Mancomunidade de Vigo.


Así, ó igual que acontece cos concellos, obsérvase que as parroquias de maior densidade están na zona costeira e situadas en torno ó centro urbano de Vigo.

Se se analizan os datos en maior profundidade, pódense observar tres ámbitos territoriais claramente diferenciados:

- No primeiro sitúanse aquelas parroquias que teñen unha densidade demográfica superior á media da Mancomunidade, é dicir, que están por riba dos 596,20 hab/km². Estase a falar da maior parte das parroquias do concello de Vigo e algunhas de Redondela, Nigrán, Baiona, Soutomaior, Mos e O Porriño.

- O segundo, agrupa a aquelas parroquias que están por debaixo da media da Mancomunidade pero que se sitúan por riba da media provincial (201,05 hab/Km²). Esta zona atópase situada en torno á anterior, contando cun total de 29 parroquias que pertencen ós concellos de Redondela, O Porriño, Mos e Baiona.
- Por último estarían aquelas parroquias cunha densidade de poboación por debaixo da media provincial. Estas correspóndense coas parroquias máis interiores da Mancomunidade, pertencentes ós concellos de Fornelos de Montes, Pazos de Borbén, Salvaterra de Miño e Salceda de Caselas. Nesta zona habería que salientar os casos das parroquias dos concellos de Fornelos de Montes e Pazos de Borbén, que debido á súa extensión, ás amplías superficies forestais que posúen e as características montañosas, son os que amosan a densidade demográfica máis baixa moi baixa.

DENSIDADE DEMOGRÁFICA POR PARROQUIA. 2001



EVOLUCIÓN INTERCENSAL DA POBOACIÓN POR CONCELLO. PERÍODO 1900-2001 (1900 = BASE 100)

No seguinte mapa queda reflectida a evolución da poboación nos concellos que conforman á MAIV entre os anos 1900 e 2001. Esta evolución está medida tomando como base a poboación que tiña cada un deles no ano 1900. Deste xeito, aqueles concellos que presentan uns valores por riba de 100, son os que experimentaron crecemento demográfico no último século, e aqueles que están por debaixo, perderon poboación.


Pódese apreciar como durante o último século, a Mancomunidade experimentou un grande crecemento demográfico, quintuplicando practicamente os seus efectivos neste período. Desta forma a

poboación pasou das 88.491 persoas do ano 1900 ás 403.424 persoas do ano 2001, o que significa un índice de crecemento do 455,89.

Este incremento estivo moi por riba do experimentado na provincia de Pontevedra e na Comunidade Autónoma, que no mesmo período amosan uns índices de crecemento do 182,3 e do 130,0 respectivamente.

Por concellos o reparto mostra fortes disparidades. Así, mentres que o concello de Vigo medraba a un ritmo moi superior á media, e multiplicaba por 12 a súa poboación ó longo do século, o resto de municipios, ou ben mantiña uns crecementos por debaixo desta, ou, como se aprecia no caso de Fornelos de Montes e Salvaterra de Miño, perdían parte da súa poboación debido ós procesos migratorios, a caída da natalidade e ó avellentamento da poboación.


EVOLUCIÓN INTERCENSAL DA POBOACIÓN POR CONCELLO 1900-2001 (1900 BASE=100)



EVOLUCIÓN INTERCENSAL DA POBOACIÓN POR CONCELLO. PERÍODOS 1900-1930, 1930-1960, 1960-1991 E 1991-2001

A continuación pódese observar a evolución da poboación dos concellos da MAIV durante cada década do último século. Deste xeito pódese comprobar cales foron as décadas onde existiu un maior ou menor crecemento.

Evolución entre décadas da poboación na MAIV, Pontevedra e Galicia




No último século a Mancomunidade pasou por períodos de forte crecemento (sobre todo na década de 1950) e períodos de crecemento máis moderado (dende a década de 1980), pero a súa evolución situouse sempre por riba das de Galicia e Pontevedra, que durante os últimos 101 anos nunca pasaron do 15% de crecemento entre períodos censais.

A nivel de concellos, cabe salientar o seguinte:


- Nunha primeira fase (1900-1960), Vigo constitúese no motor demográfico da área, cuns índices de crecemento por riba dos 200 puntos.
- Na segunda fase (1960-1991), o crecemento acelerouse un pouco máis. Neste período, aínda que Vigo seguiu a ser o motor desta área xeográfica, empezan a tomar protagonismo outros concellos como Nigrán, O Porriño, Redondela, Baiona, Mos e Gondomar. No resto, as variacións demográficas, tanto positivas como negativas, foron bastante leves.
- Por último, na terceira fase (1991-2001) produciuse un estancamento xeral do crecemento da poboación da área. Esta situación afectou á maioría dos concellos, excepto nos concellos de Pazos de Borbén, Fornelos de Montes e Salvaterra de Miño, nos que se está a producir un descenso demográfico que comezou nos anos 1960.

EVOLUCIÓN INTERCENSAL DA POBOACIÓN POR CONCELLO: 1900-1930, 1930-1960, 1960-1991, 1991-2001


EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN POR CONCELLO 1900 - 1930 (1900 = BASE 100)




EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN POR CONCELLO 1930 - 1960 (1930 = BASE 100)



EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN POR CONCELLO 1960 - 1991 (1960 = BASE 100)



EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN POR CONCELLO 1991 - 2001 (1991 = BASE 100)



Índice de crecemento

- Negativo, < 100
- Positivo, ≥ 100 < 125
- Positivo, ≥ 125 < 150
- Positivo, ≥ 150 < 180
- Positivo, ≥ 180

MÁXIMO CRECEMENTO INTERCENSAL POR CONCELLO. 1900-2001

No seguinte mapa está representado, para cada un dos concellos, o período no que se produciu un crecemento máximo na súa poboación.


Este dato serve para comparar, entre concellos, a evolución sufrida pola súa poboación e en que períodos se produciron os maiores crecementos ou descensos demográficos.

Na década dos anos 1950 a Mancomunidade de Vigo experimentou un crecemento demográfico do 36,74%. Este foi o maior incremento que tivo a área en todo o século XX.

Non embargantes a nivel de concellos a situación foi a seguinte:

- Vigo e Fornelos de Montes tiveron a súa maior subida poboacional na primeira década do século. Así, mentres Vigo crecía ó 77,19%, Fornelos facíao ó 9,02%.
- Nos anos 1930 foi Pazos de Borbén o que experimentou o seu máximo crecemento intercensal (12,34%).
- Mos acadou o seu máximo na década de 1940, crecendo neste período un 21,38%.
- De 1960 a 1970 Redondela, Salvaterra de Miño e Soutomaior foron os que experimentaron a súa maior variación intercensal. En Salvaterra houbo unha caída da poboación do 12,66%, mentres que en Redondela e Soutomaior o crecemento foi do 28,61% e do 34,68%.
- Baiona, Nigrán e O Porriño acadaron o seu máximo crecemento entre os anos 1970 e 1981, cuns valores de 23,01%, 36,34% e do 34,58%, respectivamente.
- Na última década do século foron Gondomar e Salceda de Caselas os municipios que tiveron o seu maior incremento demográfico, acadando a cifra do 16,63%, no primeiro deles, e do 11,22%, no segundo.

MÁXIMO CRECEMENTO INTERCENSAL POR CONCELLO. 1900-2001



EVOLUCIÓN INTERCENSAL DA POBOACIÓN POR PARROQUIA. PERÍODO 1900-2001 (1900 = BASE 100)


En canto á evolución demográfica das parroquias durante o período 1900-2001, no seguinte mapa pódese apreciar como o crecemento demográfico da MAIV estivo moi concentrado sobre todo en 23 das 113 parroquias da Mancomunidade de Vigo, e que se corresponden coas dos concellos de Vigo, Soutomaior, Redondela, Nigrán, Mos e Baiona.

Por outra banda, tamén pódese observar como as parroquias máis afastadas do entorno urbano de Vigo foron as que sufriron un descenso demográfico no período de tempo analizado. Deste xeito tal e como podíamos observar a nivel de concellos, foron as de Fornelos de Montes e Salvaterra de Miño as que sufriron un maior decrecemento.

Como aspecto positivo, cabería salientar que as parroquias de Vigo centro, Matamá, Castrelos e Alcabre, en Vigo, a de Chapela en Redondela e Torneiros en O Porriño, foron as que durante os últimos cen anos medraron máis, superando a porcentaxe do 400%, xa que estas estiveron absorbendo á maioría dos movementos migratorios producidos dentro da Mancomunidade e da provincia de Pontevedra.

Como aspecto negativo, poderían salientarse os casos de A Laxe, Estacas e Fornelos de Montes, en Fornelos de Montes, así como o da parroquia de Porto en Salvaterra de Miño, que perderon nos últimos 100 anos máis da metade da súa poboación, debido nun primeiro momento á emigración e posteriormente á caída das taxas de natalidade e ó incremento da mortalidade asociado ó avellentamento da poboación.

EVOLUCIÓN INTERCENSAL DA POBOACIÓN POR PARROQUIA 1900 - 2001 (1900 = BASE 100)



EVOLUCIÓN INTERCENSAL DA POBOACIÓN POR PARROQUIA: PERÍODOS 1900-1930, 1930-1960, 1960-1991 E 1991-2001

Nos seguintes mapas obsérvase como evolucionou, durante o século pasado, a poboación das parroquias que conforman a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo dividido en varios períodos intercensais.

Deste xeito pódense observar os seguintes feitos:

- Durante o período 1900 – 1930 as parroquias que máis creceron foron as de Castrelos, Lavadores, Teis, Vigo Centro e Matamá, situadas todas no concello de Vigo. Pola contra nalgunhas parroquias de Fornelos de Montes, Soutomaior, Salvaterra de Miño, Salceda de Caselas, O Porriño, Mos e Gondomar estíbese a perder poboación.
- Entre 1930 e 1960 a parroquia que máis medrou foi a de Vilaza en Gondomar, que tivo un crecemento por riba do 300%. En

cambio, o número de parroquias que perderon poboación incrementouse, pasando de 24 a 31, e afectando a algunhas de Redondela e Vigo. Neste período a emigración ó continente americano influíu decisivamente na variación da poboación.


- Durante as décadas de 1960, 1970 e 1980 o crecemento concentrouse en Vigo centro (Vigo), Porriño e Torneiros (O Porriño), e de Sta. María (Baiona). Nestes anos tamén aumentou o número de parroquias que perderon poboación, acadando a cifra de 33.
- Nos anos 1990 o crecemento da Mancomunidade foi máis moderado debido sobre todo á caída da natalidade. Neste período o maior crecemento o tivo Castrelos (Vigo), onde o índice superou o 200%. No resto das parroquias, a poboación estivo bastantes estancada nalgúns casos, e diminuíu en 51 das parroquias, afectando sobre todo ós concellos de Fornelos de Montes e Pazos de Borbén.

EVOLUCIÓN INTERCENSAL DA POBOACIÓN POR PARROQUIA: 1900-1930, 1930-1960, 1960-1991, 1991-2001




UNIDADE DE PROMOCIÓN
E DESENVOLVEMENTO
MANCOMUNIDADE DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO

EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN POR PARROQUIA 1900 - 1930 (1900 = BASE 100)




EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN POR PARROQUIA 1930 - 1960 (1930 = BASE 100)




Índice de crecemento


- Negativo, < 100
- Positivo, $\geq 100 < 200$
- Positivo, $\geq 200 < 300$
- Positivo, ≥ 300

EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN POR PARROQUIA 1960 - 1991 (1960 = BASE 100)



EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN POR PARROQUIA 1991 - 2001 (1991 = BASE 100)





MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

IV. ESTRUCTURA DEMOGRÁFICA


ESTRUCTURA DEMOGRÁFICA POR SEXO E IDADE. 2001

A pirámide de poboación, forma gráfica máis habitual de representar a estrutura demográfica segundo sexo e idade permite as comparacións entre os diferentes concellos e percibir dunha forma fácil e rápida varios fenómenos demográficos tales como o avellentamento da poboación ou o equilibrio ou desequilibrio entre sexos. Os segmentos de poboación están establecidos como "cohortes" ou xeracións, xeralmente de cinco anos, que se representan en forma de barras horizontais que parten dun eixe común, cara á esquerda os homes, e cara á dereita as mulleres.

A pirámide de poboación da Mancomunidade presenta unha forma de ánfora o que significa que describe a unha poboación que está nun proceso de avellentamento, fenómeno producido pola regresión nas taxas de natalidade e polo aumento na esperanza de vida dos seus habitantes.

As taxas de natalidade levan sufrindo un retroceso dende a década dos oitenta, ocasionado, entre outras razóns, por unha maior

incorporación da muller ó mercado do traballo, que fai que a pirámide se estreite pola base. Ó mesmo tempo, o grupo de persoas maiores de 65 anos está a aumentar, debido ó incremento da esperanza de vida. Este feito é mais acusado nas mulleres que nos homes, posto que, tal e como se observa, a partir dos 65 anos a proporción de mulleres é maior que a dos homes e, en idades máis avanzadas, dúplícanos.















Fonte: Censo 2001 (INE)

■ HOMES ■ MULLERES

A nivel de concellos, tamén obsérvanse este fenómenos, aínda que con certos matices. Deste xeito, en Fornelos de Montes, Salvaterra de Miño, Pazos de Borbén, o avellentamento da poboación está producindo unha inversión da base da pirámide. No resto dos municipios, este proceso, aínda que non tan acusado, tamén está producindo os seus efectos dado que a taxa de natalidade está diminuindo en todos eles.

ESTRUCTURA DEMOGRÁFICA POR SEXO E IDADE. 2001



 Homes
 Mulleres

Fonte: INE. Censo de Poboación e Vivenda. 2001


Elaboración propia

DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN MUNICIPAL POR GRANDES GRUPOS DE IDADE. 2001

A estrutura demográfica dun territorio determinado pódese estudar dividindo a poboación en tres grupos diferenciados pola idade:

- Mozos: poboación menor de 15 anos,
- Adultos: persoas maiores de 15 anos e menores de 65 anos,
- Anciáns: persoas de 65 ou máis anos.

Na Mancomunidade a estrutura demográfica mantén unha proporción de persoas de 65 e máis anos bastante elevada (15,52%) que supera en máis de 2 puntos á dos mozos. De todos os xeitos esta porcentaxe está por debaixo da media provincial (17,65%) e autonómica (21,26%).




Fonte: INE. Censo de Poboación e Vivendas 2001

Por concellos a estrutura é bastante heteroxénea. Algúns dos municipios amosan unha estrutura demográfica onde a proporción de persoas anciáns está por riba do 20% (Fornelos de Montes, Pazos de Borbén e Salvaterra de Miño), e noutros non se supera o 15%, (Baiona, Nigrán, Gondomar e O Porriño). En canto ós mozos, hai que salientar os casos de O Porriño e Gondomar, onde a porcentaxe deste tramo de poboación está por riba do 16% da poboación total.

En definitiva, pódese afirmar que na maioría dos concellos se está a producir procesos de avellentamento.

DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN MUNICIPAL POR GRANDES GRUPOS DE IDADE. 2001



TAXAS DE MASCULINIDADE E FEMINIDADE. 2001

As **taxas de masculinidade e feminidade** son índices demográficos que miden a cantidade de homes ou mulleres que hai por cada 100 persoas do sexo contrario.

$$(N^{\circ} \text{ de homes ou mulleres} / N^{\circ} \text{ de mulleres ou homes}) \times 100$$

Estes dous rateos representan a estrutura demográfica por sexos dun determinado territorio.

Na MAIV o índice de feminidade, está situado no 108,99%, é dicir, a cifra de mulleres supera nun 8,99% a dos homes. Este dato está situado en torno ás medias provincial e autonómica, que no mesmo período de tempo analizado estaban no 108,26% e no 108,17%, respectivamente.


Se se analiza a distribución da poboación segundo sexo nos diferentes concellos da Mancomunidade, nos dous mapas seguintes pódese observar como son os municipios da zona norte os que teñen unha

proporción de mulleres máis alta. Estes datos veñen dados pola elevada taxa de avellentamento que se rexistra neste concellos (por riba do 20%), por ser a esperanza de vida das mulleres superior ós dos homes e porque os procesos migratorios sufridos durante a segunda metade do século XX afectaron á man de obra masculina.


Singular é o caso de Vigo, posto que a pesares de non rexistrar un índice de avellentamento tan alto como o dos anteriores concellos, presenta unha taxa de feminidade que se sitúa nun 110,5%..

No resto dos concellos as proporcións están bastante equilibradas, con valores na taxa de feminidade que van dende o 108% en O Porriño ata o 103,24% en Gondomar.

TAXA DE MASCULINIDADE POR CONCELLO (%)



TAXA DE FEMINIDADE POR CONCELLO (%)



ÍNDICE DE DEPENDENCIA. 2001

O **índice de dependencia** mide o número de mozos (de 0 a 14 anos)¹ e de anciáns (65 ou máis anos) que hai nun determinado territorio por cada 100 adultos en idade de traballar.

(Poboación dependente/Poboación de 15 a 64 anos) X 100

Este dato indícanos o peso da poboación non activa con respecto á poboación potencialmente activa, é dicir que canto maiores sexan estes índices máis dependencia terá a poboación.

A MAIV presenta para o ano 2001 un índice de dependencia do 40,57%, o que quere dicir que por cada traballador ou persoa potencialmente traballadora que hai na Mancomunidade existen 0,4

persoas que dependen dela, ou o que ven a ser o mesmo, por cada persoa dependente existen 2,46 persoas adultas en idade de traballar.


Esta cifra sitúase por debaixo da media provincial e autonómica que, para o mesmo ano, situábanse no 44,65% e no 49,45%, respectivamente.

Nos concellos da área a situación varia segundo as zonas:

- Na zona nordeste e na sudeste da MAIV o índice de dependencia supera ó 50% da poboación adulta, destacando o caso de Fornelos de Montes que presenta un índice do 54,76%.
- En cambio, no sudoeste e no centro da Mancomunidade os valores están por debaixo do 50%, sendo menores que a media da área no caso dos concellos de Baiona, Vigo e Redondela, e situándose, no resto, en torno a ela.

¹ Hai que ter en conta que a idade mínima legal establecida hoxe en día para poder traballar está nos 16 anos, co que este índice está un pouco desvirtuado posto que existiría un volume de poboación entre os 14 e os 16 anos que non estaría como poboación dependente dentro desta taxa.

ÍNDICE DE DEPENDENCIA. 2001




Fonte: INE. Censo de Poboación e Vivenda. 2001
 Elaboración propia

ÍNDICE DE DEPENDENCIA SENIL E XUVENIL. 2001

O índice de dependencia divídese, a súa vez, en dous índices, o senil e o xuvenil.

Índice de dependencia xuvenil = (Poboación menor de 14 anos/Poboación de 15 a 64 anos) X 100

Índice de dependencia senil = (Poboación de 65 e máis anos/ Poboación de 15 a 64 anos) X 100





Fonte: INE. Censo de Poboación e Vivendas 2001

Para o ano 2001, a Mancomunidade presentaba uns índices de dependencia senil e xuvenil do 21,82% e do 18,76%, respectivamente. Estes valores están por debaixo da media provincial na senil e xuvenil e da galega na senil, pero por encima no caso do índice de dependencia xuvenil de Galicia

Se nos fixamos nos dous seguintes mapas, que representan a distribución destes índices a nivel de concellos, pódense observar dúas áreas que presentan unhas dinámicas claramente diferenciadas:

- Nun primeiro lugar, estaría a zona nordeste (Fornelos de Montes, Pazos de Borbén e Soutomaior) e a sudeste (Salvaterra de Miño) nas que a taxa de dependencia senil presenta uns valores que están claramente por riba da media. Hai que salientar o caso de Fornelos de Montes onde esta taxa acada o 37,83%. Isto é froito dun proceso de perda de poboación e do avellentamento sufrido por estes concellos
- Nun segundo lugar, sitúase a zona sudoeste (Baiona, Nigrán e Gondomar), centro (Mos e O Porriño) e o concello de Salceda de Caselas, onde o que predomina é unha dependencia xuvenil, xa que os valores desta non baixan en ningún caso do 20%. Hai que destacar o caso de O Porriño onde por cada 100 persoas adultas existen 23 mozos menores de 14 anos.



TAXA DE AVELLEMENTAMENTO. 2001

A **taxa de avellentamento** é un índice que mide a cantidade de persoas de 65 ou máis anos que hai nunha zona determinada por cada 100 habitantes.

$$(Poboación\ de\ 65\ ou\ mais\ anos / Poboación\ total) \times 100$$

Esta fórmula expresa o grao de avellentamento dunha poboación, e polo tanto, canto maior sexa o índice, maior peso terán os anciáns dentro do conxunto desa sociedade.

Na MAIV esta porcentaxe está situada no 15,52%, o que significa que a poboación está pouco avellentada comparada coa media provincial (17,65%) e aínda menos se esta comparación se fai a nivel autonómico (21,26%).

No que atinxe á súa distribución entre os concellos da Mancomunidade, as realidades son moi dispares. Así mentres que os concellos do norte (Fornelos de Montes, Pazos de Borbén e Soutomaior) e Salvaterra de Miño, teñen unha poboación cuns claros síntomas de avellentamento, con valores que superan con creces á


media da área, o resto dos concellos presentan unhas porcentaxes que están en torno á media, sendo o valor mais baixo o de O Porriño (13,25%).


Ademais deste indicador existe o índice de senectude e o índice de avellentamento. O primeiro mide a proporción de persoas maiores de 85 anos entre os maiores de 65, e a segunda danos unha relación entre a poboación ancián e a moza.

CONCELLO	Índice de senectud	Índice de avellentamento
Baiona	11,88	95,58
Fornelos de montes	10,89	223,45
Gondomar	9,86	83,49
Mos	9,89	105,83
Nigrán	12,13	95,74
Pazos de Borbén	9,18	187,43
Porriño (O)	7,95	81,28
Redondela	8,68	112,71
Salceda de Caselas	11,30	102,71
Salvaterra de Miño	11,46	193,41
Soutomaior	10,99	135,77
Vigo	10,08	121,60

Fonte: INE. Censo de Poboación e Vivendas 2001

TAXA DE AVELLUNTAMENTO. 2001





V. MOVEMENTO NATURAL DA POBOACIÓN E MOVEMENTOS MIGRATORIOS

TAXA DE NATALIDADE

A **taxa de natalidade** é un índice que mide o número de nados vivos por cada mil habitantes dun territorio determinado e mide a capacidade de expansión natural da poboación.

(Número de nados vivos/Poboación total) X 1.000

Na última década a Mancomunidad de Vigo mantívose practicamente no mesmo valor, é dicir, en torno ós 8,9 nacementos por cada mil habitantes. Este valor sufriu un pequeno descenso entre


o ano 1991 e 1996 pero recuperouse ata o mesmo valor no ano 2001.

Comparando estes valores coa media galega e provincial, a Mancomunidad presenta unha mellor evolución, posto que mentres en Pontevedra e Galicia a natalidade experimentou unha baixada entre os anos 1991 e 2001, na área mantívose, estando ademais o seu valor por riba desta.

A nivel de concellos a situación amósase heteroxénea. Se se comparan os anos 1991 e 2001 tan só os concellos de Baiona, O Porriño e Soutomaior experimentaron un crecemento na súa taxa de natalidade pero se a comparación faise entre anos 1996 e 2001, os concellos que teñen un incremento son os de Gondomar, O Porriño, Baiona, Vigo, Mos e Salceda de Caselas, este último cun incremento moi pequeno.


Así, as taxas de natalidade máis altas no ano 2001 atópanse nos concellos de Gondomar e O Porriño, nos que o índice é superior ó 10‰ e as máis baixas sitúanse en Fornelos de Montes e Salvaterra de Miño, onde a taxa non supera o 5,5 ‰.

Evolución da taxa de natalidade



Fonte: INE. Censos de Poboación e Vivendas 1991 e 2001

TAXA DE NATALIDADE (‰)




Fonte: INE. Censo de Poboación e Vivenda. 1991-2001; Padrón municipal. 1996
Elaboración propia

TAXA DE MORTALIDADE

A **taxa de mortalidade** indica o número de defuncións dunha poboación por cada mil habitantes.

$$(Número\ de\ defuncións/Poboación\ total) \times 1.000$$

Na MAIV esta taxa situouse no ano 2001 no 7,95%, experimentando un lixeiro ascenso no período 1991-2001. Este valor está por debaixo da media provincial e autonómica, que tamén sufriron un incremento nese período e que no ano 2001 situábase no 8,8% e no 10,4%, respectivamente.




Fonte: INE. Censos de Poboación e Vivendas 1991 e 2001

A taxa de mortalidade pon de manifesto o contraste intermunicipal xa que existen concellos nos que a mortalidade se incrementou (Pazos de Borbén, Salceda de Caselas, Redondela e O Porriño), outros nos que se reduciu (Soutomaior, Fornelos de Montes, Baiona, Gondomar e Salvaterra de Miño) e outros nos que os valores se mantiveron practicamente estancados (Vigo, Mos e Nigrán).

Ademais se se analizan os valores, constátase tamén esta heteroxeneidade entre os concellos orientais de interior e os costeiros. En Pazos de Borbén, Fornelos de Montes e Salvaterra de Miño a taxa atópase por encima do 11‰, chegando ó 18‰ no caso de Pazos de Borbén, e no caso do resto dos concellos o valor no acada en ningún caso o 8,5‰.

Analizando as taxas entre períodos, obsérvase como entre os anos 1991 e 2001 tan so catro concellos (Baiona, Soutomaior, Fornelos de Montes e Salvaterra de Miño) experimentaron un decrecemento na taxa, e se comparamos os anos 1996 e 2001 son os concellos de Baiona, Soutomaior, Nigrán, Mos e Redondela os que presentan un descenso na taxa de mortalidade.

TAXA DE MORTALIDADE (‰)




Fonte: INE. Censo de Poboación e Vivenda. 1991-2001; Padrón municipal. 1996
Elaboración propia

TAXA DE CRECIMENTO VEXETATIVO

A taxa de crecemento vexetativo, en termos relativos, é a diferenza entre o número de nacementos e de defuncións por cada mil habitantes.

$$[(\text{Nacementos} - \text{Defuncións}) / \text{Poboación total}] \times 1.000$$




Fonte: INE. Censos de Poboación e Vivendas 1991 e 2001

A partir desta taxa pódese obter información da dinámica demográfica dun determinado territorio, posto que se o valor é negativo indica que nese ano morreron máis persoas das que naceron e polo tanto estarase a producir un avellentamento da poboación, ou pola contra, cando é positiva indica que os nacementos superan ás defuncións co que a poboación pode estar a medrar.

Na última década a Mancomunidade, a pesares de experimentar unha leve caída no crecemento vexetativo, a causa dun crecemento na taxa de mortalidade e o mantemento da natalidade, segue a manter un nivel de signo positivo situado claramente por riba da media da Provincia e da Autonomía que experimentan un crecemento negativo.

Dentro da MAIV existe un marcado contraste entre os concellos. Así os concellos máis orientais como Fornelos de Montes, Pazos de Borbén e Salvaterra de Miño, teñen unha taxa de crecemento vexetativo negativo, situándose nos tres casos por encima do -7‰, os concellos de Salceda de Caselas e Redondela que teñen unha taxa que rolda o -0,5‰ e o resto dos concellos da área que presentan taxas por encima de 0, resaltando os concellos de Soutomaior e Gondomar con taxas superiores ó 3,8‰.

TAXA DE CRECIMENTO VEXETATIVO (%o)



Fonte: INE. Censo de Poboación e Vivenda. 1991-2001; Padrón municipal. 1996
 Elaboración propia

EMIGRACIÓN INTERIOR

Na última década en Galicia máis de 20.000 galegos saíron cara fóra do estado español. Desta poboación a maior parte fíxoo de forma temporal de cara o continente europeo. Este feito constata un cambio na tendencia da emigración, posto que nas décadas anteriores existía unha maior proporción de emigración de carácter permanente.

No que atinxe á MAIV, a emigración no ano 2001 afectou a 7.309 dos seus habitantes.

	Emigración interna		Emigración externa	Total
	Á mesma provincia	A outra provincia	A outra CCAA	
MAIV	4.030	1.043	2.236	7.309
%	55,14%	14,27%	30,59%	100%
Pontevedra	9.208	2.402	5.401	17.011
MAIV/Pontevedra	43,76%	43,42%	41,40%	42,97%


Fonte: INE. Censo de Poboación e Vivendas 2001

Estes datos indican un cambio de orientación nos movementos migratorios da Mancomunidade, posto que nos últimos anos acadou unha maior preponderancia á interior (dentro do territorio da MAIV) que a exterior, cousa que non pasaba antes. Así o 69,41% destas persoas decidiron emigrar dentro da provincia ou cara outra provincia da nosa comunidade autónoma, mentres que tan só o 30,59% fíxoo cara outra comunidade autónoma do estado español.

A nivel de concellos, Vigo é o que aporta a maior cantidade de emigrantes, acaparando o 66,89% das persoas que saíron da Mancomunidade. A maioría destas persoas tomaron rumbo cara outros concellos da provincia e só saíron fóra de Galicia o 33,54% dos emigrantes vigueses.

No resto dos concellos a situación é moi parella, constatándose en todos eles que canto maior é a súa poboación, maior é o número de emigrantes. En todos eles priman os emigrantes cara outros sitios da provincia, aínda que compre salientar os casos de Pazos de Borbén e Salceda de Caselas, onde o 43,33% e 35,65% dos seus emigrantes tomaron rumbo cara fóra de Galicia.

EMIGRACIÓN INTERIOR (%)



Fonte: INE. Censo de Poboación e Vivenda. 2001.

Elaboración propia

INMIGRACIÓN TOTAL

Segundo as estatísticas do censo do 2001, a Mancomunidade recibiu un total de 8.873 inmigrantes, o que representa o 44,68% da inmigración experimentada na provincia de Pontevedra.

	Inmigración interna		Inmigración externa		Total
	Da mesma provincia	Doutra provincia	Doutra CCAA	Do estranxeiro	
MAIV	3.533	1.202	1.546	2.592	8.873
%	39,81% ^o	13,55%	17,42%	29,21%	100%
Pontevedra	9208	2.494	3.856	4.303	19.861
MAIV/Pontevedra	38,37%	48,20%	40,09%	60,24%	44,68%

Fonte: INE. Censo de Poboación e Vivendas 2001

A maior parte destes inmigrantes proceden do estranxeiro, sendo os países latinoamericanos os que aportan gran parte destes efectivos. Así, segundo un estudio realizado por Rosa Verdugo Mates (Verdugo, 2001), resalta o feito de que Galicia é a comunidade


autónoma do estado español que recibe máis emigrantes retornados (20% do total). Tamén se sinala o feito de que os que volven fano por dúas razóns distintas, ou ben para buscar traballo ou para disfrutar da súa pensión. No caso da xente que volven para buscar un traballo (sobre todo os que veñen de América), fano onde hai unhas maiores perspectivas de atopalo, así a cidade de Vigo e a súa área de influencia perfilanse nestes momentos como os destinos máis atractivos.

Dentro dos movementos migratorios da poboación, cabe establecer dúas categorías, como son os internos e os externos. Nos internos estarían aqueles que se fan dentro da propia comarca, da provincia ou da comunidade autónoma, mentres que nos externos están os producidos dentro de España ou co estranxeiro.

Na Mancomunidade, segundo os datos aportados polo último censo, o 53,36% dos inmigrantes proceden da provincia ou da comunidade autónoma, sendo Vigo o concello que absorbe á meirande parte desta poboación (63,09%).

Tamén cabe salientar o feito de que na maioría dos concellos a inmigración procede da mesma provincia, agás Vigo, onde a maioría dos inmigrantes proceden do estranxeiro. Isto é debido á grande concentración industrial que hai na zona, que o converte nun polo de atracción de man de obra.

INMIGRACIÓN TOTAL (%)



Fonte: INE. Censo de Poboación e Vivenda. 2001
Elaboración propia

SALDO MIGRATORIO TOTAL

O **saldo migratorio** é o resultado da comparación entre o número de inmigrantes e emigrantes habidos nun territorio durante un período de tempo determinado (xeralmente o ano).

$$\text{Inmigrantes} - \text{Emigrantes}$$

Desta comparación pode saír un resultado positivo, negativo ou nulo. Se é positivo quere dicir que o territorio está recibindo máis persoas das que saen. En cambio se é negativo pasa todo o contrario, os que saen son máis que os que entran, e se é nulo, a situación está igualada.

Durante a última década a MAIV experimentou lixeiros vaivéns nos movementos de poboación. Así a principios dos noventa o saldo era claramente positivo (en valores absolutos) en concellos como os de Vigo e Nigrán, mentres que no resto os valores non pasan de 60 e había concellos como Pazos de Borbén, Baiona, Mos e Soutomaior que perdían poboación a costa destes movementos.


No ano 1995 este saldo diminuíu en 531 persoas, debido á caída experimentada polo concello de Vigo, que neste ano vía como saían máis persoas das que entraban.

Sen embargo no ano 2001 o saldo migratorio experimentou un forte crecemento, de tal xeito que hoxe en día a inmigración está a facer que moitos dos concellos estean a medrar demograficamente, tal e como podemos ver no cadro.


	SALDO MIGRATORIO		
	1991	1996	2001
Baiona	-35	-21	59
Fornelos de Montes	6	-15	-30
Gondomar	57	66	169
Mos	-6	36	45
Nigrán	145	121	302
Pazos de Borbén	-21	-4	14
Porriño (O)	16	25	108
Redondela	36	-5	-49
Salceda de Caselas	0	-1	173
Salvaterra de Miño	18	-2	5
Soutomaior	-7	-34	59
Vigo	417	-71	709
MAIV	626	95	1564

Fonte: INE. Censos de Poboación e Vivendas 1991 e 2001, Padrón 1996

SALDO MIGRATORIO TOTAL



Fonte: INE. Censo de Poboación e Vivenda. 1991- 2001;
Padrón municipal, 1996
Elaboración propia



VI. VIVENDA E ENTIDADES DE POBOACIÓN

DISTRIBUCIÓN DO NÚMERO DE VIVENDAS POR CONCELLO. 2001

O Instituto Nacional de Estatística (INE), á hora de elaborar os censos, distingue catro tipoloxías de vivenda: principal, secundaria, baleira e outras.

- **Vivenda principal** é aquela vivenda familiar que serve para uso habitual dos seus inquilinos.
- A **vivenda secundaria** utilízase para usos temporais (casa de campo, apartamento de praia, etc.).
- **Vivendas baleiras** son as que non están ocupadas durante todo o ano.
- Na categoría **outra vivenda**, o INE, recolle todas aquelas vivendas que non puideron ser clasificadas nas anteriores categorías ou nas que había dúbidas sobre onde metelas.

Durante o período 1991-2001 a MAIV experimentou un incremento do 19,32% no número de vivendas. Este crecemento foi maior na vivenda secundaria que na principal, posto que mentres que a

primeira medraba ata acadar unha taxa do 37,1%, a segunda facíao ata chegar ó 20,8%.


Por concellos, a situación é bastante heteroxénea, e aínda que na maioría aumentou o número total de vivendas (agás Fornelos de Montes, onde o número de vivendas totais se reduciu nun 6,97%), o crecemento no estivo repartido por igual no tipo de vivenda. Deste xeito, cabería salientar o caso de Pazos de Borbén que no período 1991-2001 experimentou un incremento da vivenda secundaria do 334,75%.

Por outra banda, no seguinte mapa pódese observar o volume e a composición do censo de vivendas dos concellos da área, referido ó ano 2001. Nel apreciase como en todos os municipios as vivendas principais son maioría con respecto ás outras categorías.

No que atinxe a vivenda secundaria, son salientables os casos de Baiona e Nigrán, onde máis do 30% das vivendas teñen esta categoría e o caso de Salvaterra de Miño que ten un 21% deste tipo de vivendas. No resto dos concellos os valores son bastante baixos.

En canto as vivendas baleiras, hai que destacar os casos de Soutomaior, Redondela, Vigo, Baiona e Nigrán, que presentan unha porcentaxe superior ó 10% do seu censo de vivendas.

DISTRIBUCIÓN DO NÚMERO DE VIVENDAS POR CONCELLO. 2001



DISTRIBUCIÓN DO NÚMERO DE VIVENDAS POR PARROQUIA. 2001

A distribución territorial das vivendas analízase nos seguintes mapas. Neles pódense apreciar o número total de vivendas e o seu reparto entre principais e non principais, observando que son as parroquias costeiras e as que xiran en torno ó centro de Vigo, ás que adoitan ter un maior número de vivendas.

Ademais, se se pon en relación o número de vivendas coa superficie da parroquia (que nos dá a densidade de vivenda) podemos apreciar que a media da MAIV sitúase en 254,93 vivendas/km². Por riba desta media están tan só 19 das 113 parroquias que conforman o territorio da Mancomunidade de Vigo, salientando o caso de Vigo centro (11.206,11 vivendas/km²), Baiona e Redondela. En cambio, hai 68 parroquias que teñen unha densidade de vivenda inferior á terceira parte da media da MAIV (81,97), estando estas en concellos como os de Salvaterra de Miño e Fornelos de Montes.

Este dato é revelador da heteroxeneidade que presenta a distribución espacial da poboación na Mancomunidade, coincidindo cos valores das densidades de poboación, agás para o caso de Pazos de Borbén onde existe un volume considerable de vivendas non principais, que corresponderían a aquelas persoas que van pasar as súas vacacións ou fins de semana alí, pero que o resto do ano viven noutro concello.


Por outro lado, en canto á relación existente entre vivendas non principais e vivendas principais, tal e como se observa, existen dúas parroquias en Nigrán e unha en Baiona, no que o volume de vivendas secundaria supera ó de principal, indicando este dato o carácter turístico e residencial destes dous concellos.




Vista do centro de Vigo

DISTRIBUCIÓN DO NÚMERO DE VIVENDAS POR PARROQUIA. 2001


NÚMERO TOTAL DE VIVENDAS POR PARROQUIA



NÚMERO DE VIVENDAS PRINCIPAIS POR PARROQUIA



NÚMERO DE VIVENDAS NON PRINCIPAIS POR PARROQUIA



Fonte: INE. Censo de Poboación e Vivenda. 2001

Elaboración propia

LOCALIZACIÓN E TAMAÑO DAS ENTIDADES DE POBOACIÓN

No seguinte mapa pódese ver a distribución territorial da poboación. Nel apreciase o volume de habitantes e o seu reparto entre as diferentes entidades existentes dentro do territorio da Mancomunidade.

O mapa ofrece dous tipos de información, por unha banda ofrece o número das entidades de poboación e súa distribución, e pola outra ofrece o volume de habitantes das distintas entidades.


No que se refire á distribución das entidades de poboación e o seu número, pódense diferenciar tres zonas: a primeira sería a zona norte da Mancomunidade, onde se pode apreciar que o número de entidades é moi baixo e disperso debido, en parte, ó carácter montañoso do terreo. A segunda zona sería o centro do territorio da MAIV máis O Porriño, onde o poboamento é mais intenso, concentrándose maioritariamente na zona da costa. A terceira zona abarca todo o sur da Mancomunidade, onde se aprecia un número de


entidades moi alto e concentrado, destacando as existentes en Salvaterra de Miño, Salceda de Caselas, Gondomar e Nigrán.

No que refire ó volume de habitantes, podemos diferenciar catro áreas dentro do territorio da MAIV. Na primeira estaría só o centro de Vigo, que é o núcleo cun maior número de habitantes. Nunha segunda área estarían as entidades situadas ó norte e interior do centro de Vigo, que destacan polo seu volume de habitantes, podendo resaltar o núcleo de Redondela. Na terceira área estarían as entidades costeiras situadas ó sur de Vigo, onde existen un grande número delas cun impórtante continxente de poboación. Por último, estarían as entidades de poboación situadas máis cara o interior e sur da MAIV, que destacan polo escaso número de habitantes que posúen (menos de 100).

Así, neste mapa pódese ver con claridade a estrutura interna do territorio da MAIV, onde a maior concentración de poboación se sitúa no contorno da cidade Vigo. Por un lado, o proceso de expansión urbana da cidade cara o norte levou a que o volume de poboación das entidades situadas nestas zonas sexa máis elevado. Por outro lado, o sur concentrou un maior volume de entidades pero cun menor número de habitantes, debido á chegada de “neorrurais” dende Vigo cara estas zonas. Por último, as zonas do interior da MAIV destacan polo escaso volume de poboación das súas entidades, estando estas dispersas no norte e máis concentradas no sur da Mancomunidade.

LOCALIZACIÓN E TAMAÑO DAS ENTIDADES DE POBOACIÓN. 1991






MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

VII. NIVEL DE FORMACIÓN DA POBOACIÓN E MERCADO DE TRABAJO

NIVEL FORMATIVO DA POBOACIÓN

O seguinte mapa aporta datos sobre o grao de formación acadado no ano 2001 pola poboación maior de 16 anos dos diferentes concellos da MAIV. Os tramos establecidos para a análise da variable *nivel de estudio* recollen a división educativa existente tanto na antiga Lei Xeral de Educación como na actual LOGSE, deste xeito o abano vai dende un nivel inferior, *non sabe ler ou escribir*, ata o superior, *estudios superiores*.



1 Fonte: INE. Censo de Poboación e Vivendas 2001


Na Mancomunidad o nivel formativo da poboación sitúase por riba da media galega e autonómica, como o demostra o feito de que o 90,5% do seu continxente demográfico ten unha formación de EXB/ESO ou superior (concretamente, máis dun 28% realizou estudos de grao medio), fronte ó 85% de Pontevedra e o 54,7% de Galicia.

A nivel municipal, pódese observar que na totalidade dos municipios máis da metade dos seus habitantes posúen a EXB/ESO, sendo Salceda de Caselas (73,8%) e Fornelos de Montes (70%) os concellos que concentran un maior índice de habitantes neste nivel educativo.

A continuación, destaca o feito de que un importante volume da poboación non finalizou os estudos básicos, resaltando o elevado índice de Salvaterra de Miño (24,9%) e O Porriño (22,2%), atopándose no extremo inferior os concellos de Vigo (8,4%) e Salceda de Caselas (6,9%).

Por último, a poboación con nivel de estudos universitarios acada un valor máximo do 14,9% no concello de Vigo e do 12,5% en Nigrán. No resto dos concellos mantense por debaixo do 10% do total, sendo a porcentaxe máis baixa a de Pazos de Borbén cun 1,9%.

NIVEL FORMATIVO DA POBOACIÓN. 2001



TAXA DE ACTIVIDADE POR CONCELLO. 2001


A **taxa de actividade** defínese como a porcentaxe de persoas maiores de 16 anos que están traballando ou en disposición de facelo.

(Poboación activa/Poboación maior de 16 anos) X 100.

Esta taxa indica qué parte da poboación en idade de traballar subministra man de obra para a produción de bens e servizos económicos ou está dispoñible para incorporarse á dita produción, xa que na poboación activa están recollidos tanto os ocupados como os parados dun territorio determinado.

A taxa de actividade da Mancomunidad, segundo os datos aportados polo Censo de poboación e Vivenda 2001, está case 2 puntos por riba da media provincial e máis de 4 da autonómica. Este feito é debido sobre todo a que nesta área existe unha maior proporción de persoas activas, e polo tanto o peso relativo dos xubilados, pensionistas, amas de casa e estudantes é menor.

Taxa de actividade en Galicia, Pontevedra e Mancomunidad. 2001.




Fonte: INE. Censo de Poboación e Vivendas 2001

Se estes datos se analizan por concellos hai que resaltar tres hipóteses:

- Os concellos que teñen unha taxa inferior á media galega: Fornelos de Montes e Salvaterra de Miño, debido principalmente ó avellentamento da poboación e a baixa actividade do sector feminino da poboación.
- Os concellos que presentan uns valores de actividade que están entre a media galega e provincial: Soutomaior e Pazos de Borbén.
- Os concellos que superan a taxa de actividade media galega e provincial: Vigo, Nigrán, Baiona, Gondomar, Salceda de Caselas, Redondela e O Porriño. O concello de Mos presenta un valor que está entre a taxa provincial e a da Mancomunidad.

TAXA DE ACTIVIDADE POR CONCELLO. 2001




TAXA DE ACTIVIDADE POR SEXO. 2001

A **taxa de actividade masculina ou feminina** está definida como o total de poboación activa dun sexo entre o total da poboación de máis de 16 anos dese mesmo sexo e dunha zona determinada:

(Poboación activa masculina ou feminina / Poboación maior 16 anos masculina ou feminina) X 100

Na MAIV, ó igual que acontece no resto de Galicia, a taxa feminina é inferior á masculina, de tal xeito que entre unha en outra hai unha



Fonte: INE. Censo de Poboación e Vivendas 2001


diferencia de case 20 puntos porcentuais.

Se se analizan os datos por concello, aínda que en todos cúmprese o feito de que a taxa masculina está por riba da feminina, pódense salientar os seguintes feitos:

- O concello de Fornelos de Montes presenta a taxa máis baixa tanto a nivel masculino como feminino.
- Salvaterra de Miño, Soutomaior, Pazos de Borbén e Salceda de Caselas, amosan unha taxa de actividade feminina por debaixo da media galega.
- En Redondela, O Porriño, Gondomar, Vigo, Nigrán e Baiona a taxa feminina supera o valor de 40%, estando situada dita taxa nos concellos de Vigo e Baiona por riba da media da Mancomunidade.
- Os concellos de Baiona, Gondomar, O Porriño e Salceda de Caselas presentan unha taxa de actividade masculina por riba do 70%.

En conclusión, a MAIV no seu conxunto ten unha taxa de actividade, tanto masculina como feminina alta con respecto ó resto de Galicia, pero se se analiza este dato segundo concellos constátase a grande heteroxeneidade da área, influenciada polo aloxamento ou proximidade á aglomeración urbana de Vigo que incide sobre as baixas ou altas taxas de actividade.

TAXA DE ACTIVIDADE POR SEXO. 2001



Fonte: INE. Censo de Poboación e Vivenda. 2001
 Elaboración propia

TAXA DE OCUPACIÓN POR CONCELLO. 2001


A **taxa de ocupación** é un índice que pon en relación a poboación ocupada coa poboación maior de 16 anos:

$$(Poboación ocupada/Poboación maior 16 anos) \times 100$$

A poboación ocupada recolle ó conxunto de persoas de 16 e máis anos que estiveron traballando por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia no período de referencia, podendo estar:

- Traballando polo menos unha hora a cambio dun soldo, salario, beneficio empresarial ou ganancia familiar en metálico ou en especie.
- Con emprego pero sen traballar, é dicir, ausentes do seu traballo por razóns de enfermidade, accidente ou excedencia
- En suspensión ou separados do seu emprego como consecuencia dunha regulación de emprego, pero que esperan reincorporarse á súa empresa.

Taxa de ocupación en Galicia, Pontevedra e Mancomunidad. 2001




Fonte: INE. Censo de Poboación e Vivendas 2001

Na MAIV esta taxa atópase case 1 punto por riba da media provincial e 3,18 puntos por riba da autonómica. Feito que está influenciado tanto polo dinamismo económico da área de Vigo, como polo índice de avellentamento, que no caso da Mancomunidad é menor que no resto de Galicia.

A nivel dos concellos da área cabería salientar ós seguintes feitos:

- Fornelos de Montes, Pazos de Borbén e Salvaterra de Miño teñen unha taxa de ocupación que está por debaixo do 40%, feito este que ven propiciado pola elevada taxa de avellentamento que sofren.
- O resto dos concellos, agás Soutomaior, atópanse por riba dos valores provincial e autonómico, destacando Baiona e Nigrán que teñen unha taxa de ocupación por encima do 50%.

TAXA DE OCUPACIÓN POR CONCELLO. 2001




Fonte: INE. Censo de Poboación e Vivenda. 2001
 Elaboración propia

TAXA DE OCUPACIÓN POR SEXO. 2001

Para coñecer a distribución dos ocupados por sexo emprégase a **taxa de ocupación masculina e feminina:**

(Poboación ocupada masculina ou feminina/Poboación maior de 16 anos masculina ou feminina) X 100

A nivel de Mancomunidad a taxa de ocupación masculina está por riba da feminina, concretamente 24,62 puntos. Se comparamos estes datos cos da Provincia e da Autonomía, vemos que en ambos casos os valores da área de Vigo superan ós destes dous.




Fonte: INE. Censo de Poboación e Vivendas 2001

En canto á súa distribución por concellos:

- Fornelos de Montes amosa unha taxa de ocupación que está moi por debaixo da media galega, non pasando do 14% no caso das mulleres e do 41% no dos homes.
- Soutomaior, Pazos de Borbén e Salvaterra de Miño teñen unha taxa de ocupación feminina que se atopa por debaixo do 30%.
- Baiona é o concello coa taxa de ocupación feminina máis alta da área.
- En canto a taxa de ocupación masculina é o concello de Salceda de Caselas o que amosa un maior valor, con case que o 70% de ocupación.
- Baiona, Nigrán, Gondomar, O Porriño, Mos e Redondela teñen valores por riba da media da Mancomunidad.

Como conclusión pódese afirmar que os valores de ocupación por sexo son altos, aínda que existen bastantes diferencias entre homes e mulleres. Ademais a heteroxeneidade da zona tamén se manifesta nestas taxas, habendo concellos con valores que están por debaixo da media e outros que a teñen por riba.

TAXA DE OCUPACIÓN POR SEXO. 2001




Fonte: INE. Censo de Poboación e Vivenda. 2001
Elaboración propia

TAXA DE OCUPACIÓN NO SECTOR PRIMARIO. 2001

A **taxa de ocupación do sector primario** representa a porcentaxe de persoas ocupadas neste sector en comparación co total da poboación ocupada dun area determinada e nun período de tempo concreto.

$$(Poboación ocupada no sector primario / poboación ocupada total) \times 100$$

Na MAIV, a taxa de poboación ocupada no sector primario está por debaixo da metade da media autonómica e provincial, que no mesmo período de tempo representaban o 10,86% e 9,12% respectivamente.




Fonte: INE. Censo de Poboación e Vivendas 2001

A composición do emprego neste sector tamén presenta diferencias con respecto ó resto de Galicia, así a nivel galego a agricultura é a que aporta un maior número de efectivos, e na Mancomunidade é a pesca a que ten un maior peso representando na MAIV o 97% do sector primario.

Dentro da propia Mancomunidade e debido ó carácter costeiro ou de interior dos concellos, o peso de cada subsector varía duns municipios a outros:

- Baiona é o concello que ten a taxa de ocupación no sector primario máis alta de toda a Mancomunidade, debido principalmente á importancia que ten a pesca dentro da súa economía e en concreto a actividade marisqueira.
- Soutomaior, Redondela e Nigrán superan o 6% de ocupación no sector debido tamén a importancia da pesca. O caso de Gondomar é curioso, posto que aínda que é un concello de interior, a súa proximidade á costa fai que teña un importante continxente de persoas ocupadas no subsector pesqueiro.
- Nos concellos do interior, Salvaterra de Miño, Salceda de Caselas, Pazos de Borbén e Fornelos de Montes, a actividade agraria ten un maior peso, representando en cada un deles máis dun 3%.
- No resto dos concellos (Vigo, Mos e O Porriño) este sector case non ten representación, non chegando a acadar a cifra do 2%.

TAXA DE OCUPACIÓN NO SECTOR PRIMARIO. 2001




Fonte: INE. Censo de Poboación e Vivenda. 2001
Elaboración propia

TAXA DE OCUPACIÓN NO SECTOR SECUNDARIO. 2001

A **taxa de ocupación no sector secundario** representa a porcentaxe de persoas ocupadas neste sector en relación co total da poboación ocupada dunha area determinada:

$$(Poboación ocupada no sector secundario / Poboación ocupada total) \times 100$$

O sector secundario, segundo as estatísticas que elabora o INE está composto polas actividades industriais e da construción.




Fonte: INE. Censo de Poboación e Vivendas 2001

Na Mancomunidade o sector secundario xoga un papel bastante importante á hora de xerar emprego. Deste xeito o 34,66% dos ocupados pertencen a este sector, valor que supera a media da provincia de Pontevedra e de Galicia. Pero se se desagrega este dato, constátase que a porcentaxe de ocupados no subsector da construción é menor na área da Mancomunidade que no resto de Galicia, e o peso da poboación ocupada na industria é, polo contrario, maior na área de Vigo.

En canto a situación por concellos cabería delimitar tres zonas:

- Zona leste (Salvaterra, Salceda de Caselas, O Porriño e Mos), onde a porcentaxe de ocupados no sector secundario sobrepasa a cifra do 50%. En todos eles é a industria a que aporta un maior número de efectivos, aínda que en Salvaterra de Miño a construción emprega ó 21,1% da poboación.
- Zona norte (Fornelos de Montes, Soutomaior, Redondela e Pazos de Borbén) e parte do Val Miñor (Nigrán e Gondomar), onde a taxa de ocupación do sector secundario está por riba da media da Mancomunidade pero por debaixo do 50%.
- Zona oeste (Vigo e Baiona) onde este índice está por debaixo do valor medio galego. Nestes dous concellos dáse a situación de que é o sector terciario o que aporta un maior número de efectivos ó mercado de traballo.

TAXA DE OCUPACIÓN NO SECTOR SECUNDARIO. 2001



TAXA DE OCUPACIÓN NO SECTOR TERCIARIO. 2001

A **taxa de ocupación do sector terciario** representa a porcentaxe de persoas ocupadas neste sector sobre o total da poboación ocupada dunha area determinada.

(Poboación ocupada no sector terciario/Poboación ocupada total) X 100

Na MAIV a porcentaxe de persoas ocupadas no sector terciario é do 62,32%, cifra superior á da provincia de Pontevedra e Galicia, que sitúanse no 58,21% e 56,70% respectivamente. Este dato indica a importancia que ten este sector dentro do emprego total da economía da área de Vigo.

Analizando esta taxa por concellos hai que destacar que:


- Soamente o concello de Vigo ten unha taxa de ocupación no sector servicios que se sitúa por riba da media de toda a área..

- No concello de Fornelos de Montes esta taxa é bastante elevada, a pesar de ser un concello no que se espera que o peso deste sector non sexa significativo polo seu carácter rural.

Se se analiza esta taxa de maneira máis desagregada segundo os subsectores que o compoñen constátase que.

- A pesar de ser Baiona, Nigrán e Vigo os concellos que mais turismo atraen, son estes os que presentan unha menor porcentaxe de ocupados na hostalería, sendo Fornelos de Montes e Pazos de Borbén os que teñen maiores valores, situándose estes no 26,52% e 33,26% respectivamente.
- Se “*Outros servicios*”, que é o subsector que máis volume de ocupados absorbe, o desagregamos nos correspondentes epígrafes (educación, sanidade, administracións públicas, servicios á comunidade, servicios inmobiliarios, etc.) obsérvase como o peso en cada un deles é moito inferior ó que representa o “*Comercio*” en todos os concellos da Mancomunidade.

TAXA DE OCUPACIÓN NO SECTOR TERCIARIO. 2001



TAXAS DE OCUPACIÓN POR PROFESIÓN. 2001

Para coñecer a distribución dos traballadores dunha zona por escalas de posto de traballo, o INE subministra a través dos Censos de Poboación a cifra de traballadores que hai segundo dez categorías, que van dende os postos de dirección ata os traballadores non cualificados, diferenciando a parte ós membros das Forzas Armadas.

Na MAIV, para o ano 2001, o grupo que amosaba un maior valor en termos relativos era o dos *“traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría”*, cun 17,17%. O mesmo pasaba a nivel de Galicia e da provincia de Pontevedra, onde os valores estaban por riba (18,73% e 19,68% respectivamente).













As seguintes categorías, segundo o nivel de importancia, son as de *“traballadores de servicios”*, *“operadores de instalacións e maquinaria”*, así como a de *“técnicos e profesionais de apoio”*, pasando todas elas do 10% de ocupación.

A nivel de concellos, a situación varía segundo os casos, podéndose apreciar as seguintes particularidades:

- No concello de Nigrán a segunda categoría en importancia é a de *“directores de empresas e da administración pública”*, que integra ó 14,20% dos seus ocupados.
- Fornelos de Montes e Gondomar, teñen a proporción de *“traballadores non cualificados”* máis alta da Mancomunidade, estando máis de 3 puntos por encima da media.
- En Vigo os *“traballadores de servicios”*, os *“traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría”* e os *“técnicos superiores”*, son as categorías que amosan unha maior ocupación.
- En Baiona os *“traballadores cualificados da agricultura e pesca”* representan un 12,18% do total, sendo o cuarto grupo en importancia, superando en máis de 10 a media da MAIV.

En conclusión, na meirande parte dos concellos as categorías de traballadores manuais, cualificados ou non, acadan máis do 60% da súa man de obra, excepto nos concellos de Nigrán e Vigo, onde o persoal directivo e técnico supera o 40%.

TAXAS DE OCUPACIÓN POR PROFESIÓN. 2001



- 1. Dirección
- 2. Técnicos superiores
- 3. Técnicos e profesionais
- 4. Empregados administrativos

- 5. Traballadores de servizos
- 6. Traballadores cualificados de agricultura e pesca

- 7. Traballadores cualificados de industria, construción e minas
- 8. Operadores de instalacións e maquinaria

- 9. Traballadores non cualificados
- 10. Forzas Armadas

TAXA DE OCUPACIÓN POR PROFESIÓN E SEXO. 2001

Na Mancomunidade de Vigo pódese observar como a ocupación entre homes e mulleres defire bastante segundo a profesión á que se dedican.

Así, mentres nos homes o 48,71% son traballadores cualificados da industria, construción e minas e operadores de instalacións e maquinarias, nas mulleres o 40,87% son técnicas superiores e traballadoras de servizos.













É salientable tamén o feito que entre os traballadores non cualificados existe unha maior proporción de mulleres que de homes, sendo a diferenza de case 7 puntos porcentuais.

Analizando esta taxa e a súa distribución por sexo nos diferentes concellos que conforman a Mancomunidade, conséntase o seguinte:

- En todos os concellos da Mancomunidade o volume de *“emplegados administrativos”* e *“traballadores de servizos”* é maior nas mulleres que nos homes.
- En todos os concellos excepto Nigrán e Pazos de Borbén existe un maior volume de homes que de mulleres que son *“traballadores cualificados na industria, construción e minas”* e *“operadores de instalacións e máquinas”*.
- En canto os *“directivos en empresas e administración públicas”* o volume de homes e de mulleres é moi similar en todos os concellos, habendo pouca diferenza entre un xénero e outro, aínda que o volume de homes supera ós de mulleres.

En liñas xerais, pódese afirmar que as mulleres da Mancomunidade soen ocupar postos de traballo en categorías superiores que os dos homes, se ben é certo que tamén existe unha grande porcentaxe de mulleres que realizan traballos non cualificados.

TAXA DE OCUPACIÓN POR PROFESIÓN E SEXO. 2001



1. Dirección
2. Técnicos superiores
3. Técnicos e profesionais
4. Empregados administrativos

5. Traballadores de servizos
6. Traballadores cualificados de agricultura e pesca

7. Traballadores cualificados de industria, construción e minas
8. Operadores de instalacións e maquinaria

9. Traballadores non cualificados
10. Forzas Armadas

■ Homes
■ Mulleres

Fonte: INE. Censo de Poboación e Vivenda. 2001
Elaboración propia

TAXA DE PARO POR CONCELLO. 2001


A **taxa de paro** reflicte a porcentaxe de persoas desempregadas con respecto á poboación activa total dun determinado territorio e para un período de tempo concreto.

$$(Poboación\ desempregada / Poboación\ activa) \times 100$$

Segundo as estatísticas do INE, considéranse desempregado a toda persoa de 16 ou mais anos, que estivo simultaneamente:

- Sen traballo,
- na procura de traballo, e dicir, que tomaron medidas concretas para a busca dun posto de traballo
- e con dispoñibilidade para traballar.

Para o ano 2001 este dato acadou a cifra do 14,29% no contexto da Mancomunidade de Vigo. Deste xeito, a taxa de paro da Mancomunidade sitúase 1,71 puntos por riba da galega e 1,24 puntos por riba da provincial.




Fonte: INE. Censo de Poboación e Vivendas 2001

No que atinxe á situación por concellos, esta taxa difire duns a outros:

- Os concellos da zona norte (Fornelos de Montes, Pazos de Borbén e Soutomaior), presentan unha alta taxa de desemprego, superando en todos eles o 20% dos seus activos.
- Redondela, Salvaterra de Miño e O Porriño presentan unha taxa que está entre a media provincial e a da Mancomunidade.
- Salceda de Caselas, Gondomar, Nigrán e Baiona, son os concellos que presentan unha taxa de desemprego que está moi por debaixo da media galega.

TAXA DE PARO POR CONCELLO. 2001




Fonte: INE. Censo de Poboación e Vivenda. 2001
 Elaboración propia

TAXA DE PARO POR SEXOS. 2001

A **taxa de desemprego masculina ou feminina**, defínese como a porcentaxe de desempregados masculinos ou femininos con respecto a poboación activa total feminina ou masculina.

(Poboación desempregada masculina ou feminina / Poboación activa masculina ou feminina) X 100

Na MAIV a taxa de desemprego feminina está case 9 puntos por riba da masculina e ambas sitúanse por riba das medias autonómica e provincial.




Fonte: INE. Censo de Poboación e Vivendas 2001


En canto á situación por concellos, aínda que en todos a taxa feminina está por riba da masculina, cabería salientar os seguintes feitos:

- No concello de Fornelos de Montes o desemprego feminino supera o 40% e o masculino acada a cifra do 28,08%.
- Soamente o concello de Baiona ten un desemprego feminino que está por debaixo do 10%.
- En canto a taxa de desemprego masculina, hai que destacar os concellos de Baiona, Salceda de Caselas e Nigrán, onde a dita taxa no sobrepasa o 6,5%.
- En máis da metade dos concellos da área, a taxa de desemprego feminina duplica a taxa de desemprego masculina.

TAXA DE PARO POR SEXO. 2001



Fonte: INE. Censo de Poboación e Vivenda. 2001
Elaboración propia



MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

VIII. SECTORES PRODUCTIVOS E ACTIVIDADE ECONÓMICA

APROVEITAMENTOS AGRÍCOLAS

A Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo ten censadas 42.146 Ha de superficie agraria, das que a maior parte están no concello de Fornelos de Montes (7.421 Ha.) e Gondomar (6.870 H.). Do resto dos concellos destacan os valores que se recollen nos situados máis cara o interior da MAIV como Pazos de Borbén, O Porriño, Salvaterra de Miño e Salceda de Caselas, todos eles cunha superficie agraria superior ó 30% do total da superficie xeográfica. Destaca a presenza de Vigo neste campo, a pesares de estar á beira da costa e do seu claro carácter urbano, con 4.408 Ha. No lado oposto están os concellos situados a beira do mar, agás de Vigo, de entre os que destacan Nigrán (1.358 Ha.) e Soutomaior (1.523 Ha.). O resto non chega ó valor de Redondela, concello que presenta o valor máis elevado de superficie agraria deste grupo con 2.515 Ha.

Mais esta superficie total agraria non ten nada que ver coa explotación que en cada municipio se realiza do terreo. Así, podemos ver como Fornelos de Montes presenta unha Superficie Agraria Útil (SAU) baixa (329 Ha.) en comparación coa superficie total de


hectáreas que posúe. Neste senso, destaca Salvaterra de Miño como o concello cun maior número de hectáreas de SAU (1.111). O segundo en importancia é o concello de Vigo con 536 Ha. seguido de Redondela con 460 Ha. De entre os que menos SAU posúen están os concellos de Soutomaior e Nigrán, con 212 e 249 Ha. respectivamente.

No referente á porcentaxe de SAU por concello respecto do total da superficie censada na MAIV, destaca sobre o resto o de Salvaterra de Miño con 36,57%, seguido de Nigrán (18,33%) e Redondela (18,29%). No lado oposto están Fornelos de Montes (4,43%) e Pazos de Borbén (9,15%) de SAU.

A modo xeral podemos ver como os concellos cunha maior superficie agraria posúen unha menor porcentaxe de terras consideradas como SAU. O motivo desta situación é a grande extensión de monte que posúen.

De entre todos os concellos destaca Salvaterra de Miño tanto pola superficie total de SAU como pola porcentaxe desta respecto ó total da MAIV, o que nos indica a orientación deste municipio cara a explotación agropecuaria. Tamén se debe resaltar o concello de Vigo, que é o segundo en superficie agraria total e ten unha destacable porcentaxe de SAU respecto ó total da Mancomunidad, o que non deixa de ser paradoxal. Esta situación débese a importancia da agricultura familiar de carácter complementaria nos núcleos situados no interior do concello.

SUPERFICIE AGRARIA ÚTIL. 2001



EXPLOTACIÓN AGRARIAS

A agricultura dentro do territorio da MAIV absorbe un baixo volume de poboación ocupada (0,87%) e en superficie dedicada a cultivos e pastos (7,92%). Así, no ano 1999, contaba con 13.858 explotacións repartidas por todo o seu territorio, sendo estas, en xeral, de pequenas dimensións, posto que o 98,4% delas estaba nun tamaño medio situado entre 0,1 Ha e 5 Ha.

Por concellos, segundo o mapa, pódese observar como soamente Vigo e Salvaterra superan a barreira das 1.700 explotacións, mentres que Gondomar, O Porriño, Salceda de Caselas, Mos e Redondela, teñen entre 1.000 e 1.500 explotacións cada un. O resto está por debaixo de 1.000, destacando o caso de Baiona que non chega ás 500.


Ademais as explotacións do territorio adoitan estar bastante fraccionadas, como o demostra o feito de que, como media na Mancomunidade, haxa máis de 10 parcelas por explotación, salientado, neste senso, o caso de Fornelos de Montes onde o número se eleva por riba das 20 parcelas.

Por outro lado, en todo o territorio existen unhas 12.045 cabezas de gando, correspondéndolle a Salvaterra de Miño o maior número delas, debido o tipo de explotación que existe neste concello, onde as granxas avícolas supoñen o 68,27% da súa cabana. No resto (dos concellos con algunhas excepcións) o que priman son as explotacións de bovinos.

	Nº total de explot.	Nº de parcelas	Unidades gandeiras	Parcelas por explotación
Baiona	450	3.400	335	7,56
Fornelos de Montes	515	11.683	1.147	22,69
Gondomar	1.298	14.938	1.381	11,51
Mos	1.020	7.408	936	7,26
Nigrán	781	4.684	515	6,00
Pazos de Borbén	580	10.845	577	18,70
Porriño (O)	1.410	13.406	997	9,51
Redondela	1.383	10.225	718	7,39
Salceda de Caselas	1.471	15.619	1.045	10,62
Salvaterra de Miño	1.727	33.733	3.146	19,53
Soutomaior	675	8.173	272	12,11
Vigo	2.548	14.924	976	5,86
MAIV	13.858	149.038	12.045	10,75

Fonte: Censo Agrario 1999

EXPLOTACIÓNS AGRARIAS. 1999



Fonte: INE, Censo Agrario. 1999
 Elaboración propia

MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

O territorio da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo presenta una ampla superficie de montes mancomunados, xa que todos os municipios presentan algún monte desta característica, aínda que son os concellos situados máis ó norte de MAIV os que recollen as maiores extensións de montes en man común.

Como se pode apreciar no mapa, a práctica totalidade do territorio de Fornelos de Montes está mancomunado, atopándose neste municipio as porcentaxes máis altas. O mesmo sucede en Pazos de Borbén e Soutomaior, no que unha boa parte dos montes destes municipios se encontran baixo este tipo de réxime.


Son os concellos do sur os que seguen ós anteriores en canto a extensión. Así, no mapa pódese ver como grande parte do territorio de Baiona está ocupado por montes mancomunados. O mesmo sucede en Gondomar, no que estes montes atópanse ó norte e ó sur do municipio. Aínda así, non chegan a ocupar tanta extensión como os concellos do norte.

O resto do territorio das MAIV tamén presenta superficies dedicadas a este tipo de montes, aínda que en extensións moito máis pequenas que os anteriores. Destacan concellos como O Porriño, Redondela ou Nigrán. Tamén existen pequenas superficies mancomunadas en Vigo e Salvaterra de Miño.

CONCELLO	Nº CMVMC	%	SUPERFICIE HA.	%	% RESPECTO Á SÚA SUPERFICIE
Baiona	6	5,26%	1.900,3	8,69%	54,29%
Fornelos de Montes	7	6,14%	6.411	29,32%	77,24%
Gondomar	10	8,77%	2.304,6	10,54%	30,73%
Mos	10	8,77%	1.438,38	6,58%	27,14%
Nigrán	5	4,39%	812	3,71%	23,20%
O Porriño	7	6,14%	998,3	4,57%	19,97%
Pazos de Borbén	8	7,02%	2.806	12,83%	46,00%
Redondela	11	9,65%	1.617	7,40%	31,10%
Salceda de Caselas	7	6,14%	932	4,26%	25,89%
Salvaterra de Miño	16	14,04%	463,47	2,12%	7,36%
Soutomaior	16	14,04%	1.152	5,27%	46,08%
Vigo	11	9,65%	1.027,79	4,70%	9,43%
MAIV	114	100,00%	2.1862,84	100,00%	32,29%

Fonte: Consellería de Medioambiente (2003)

MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN




ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Segundo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas, constátase que no conxunto da Mancomunidad de Vigo, o sector que máis empresas absorbe é o servicios, en segundo lugar o sector da construción e por último o sector industrial.

No gráfico obsérvase como dentro do sector servicios son as empresas dedicadas ó comercio e hostalería as que maior peso representan, absorbindo o 42,75% do total de empresas da Mancomunidad.

Porcentaxe de empresas na MAIV segundo actividade económica



Fonte: IGE. Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE)


En canto á situación por concellos, tal e como se pode observar no mapa, a representatividade do sector servicios é moi similar dun concellos a outros pero se a comparación faise en relación ós sectores industrial e construción a situación difire duns a outros.

En O Porriño, Mos, Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño a porcentaxe de empresas do sector industrial supera o 17%, chegando incluso case o 21% no caso de Salceda de Caselas. Estes datos están motivados pola existencia na zona dun gran número de empresas dedicadas a extracción mineira.

Os concellos que teñen un menor peso no sector industrial son os de Baiona, Nigrán e Soutomaior. As empresas neste sector non representan mais do 7%.

En canto o sector da construción hai que resaltar os casos dos municipios de Gondomar e Pazos de Borbén. Estes son os concellos onde o 20% do total de empresas que desenvolven a súa actividade, están dedicadas á construción.

EMPRESAS SEGUNDO A ACTIVIDADE ECONÓMICA. 2002



Fonte: IGE. 2002

Elaboración propia

PARQUES EMPRESARIAIS

O Parque Empresarial é un recinto urbano-industrial planificado que está dotado dunha rede viaria, de dotacións básicas e de servizos comúns e que acolle industrias e outras actividades productivas. Esta definición os separa dos tradicionais polígonos industriais que nacían de forma espontánea.

A MAIV conta cunha superficie de 15.469.416 m² dedicada a solo empresarial, distribuída en oito parques empresariais en funcionamento e nove en proxecto.

Se se analizan estes oito parques en funcionamento, conséntase que neles desenvolven a súa actividade máis de 300 empresas que xeran un volume de emprego de máis de 22.000 persoas, sendo o de Balaídos o que absorbe máis do 50% do total de empregos, debido a que nel está situada a multinacional PSA-Citroën.

Analizando a tipoloxía de empresas instaladas en cada un deles, temos que hai polígonos como o de Balaídos que están orientados

completamente cara o sector automobilístico, mentres que o de Bouzas está especializado en comercio internacional, A Granxa e As Gándaras equipados para o sector industrial e comercial e o Parque Tecnolóxico de Vigo orientado á promoción de I+D+i e ás solucións loxísticas.


En canto a promoción destas instalacións, pódese observar como a maioría deles son de titularidade pública, xa que a Zona Franca de Vigo foi a que desenvolveu catro destes oito parques, e é a que está a executar cinco novos parques da área de Vigo: Porto do Molle en Nigrán que será para usos terciarios e de ocio, Plataforma Loxística e Industrial de Salvaterra de Miño – As Neves, parque empresarial de Salceda de Caselas e As Barrocas e O Cerquido no concello de Vigo.

O resto dos parques están promovidos polo propio concello no caso do Parque Chan da Ponte de Salvaterra de Miño, pola Asociación de Empresarios no caso do Polígono das Gándaras, pola iniciativa privada no concello de Pazos de Borbén e polo Instituto Galego da Vivenda no polígono Chan das Pipas en Redondela.



Parque empresarial de A Granxa

ZONAS INDUSTRIAIS E PARQUES EMPRESARIAIS



Fonte: Zona Franca de Vigo. 2003; FEGAPE. 2003; IGVS. 2003

Elaboración propia

REXISTRO DE ACTIVIDADES INDUSTRIAIS


A actividade industrial na Mancomunidade de Vigo medida segundo o número de empresas enmarcadas dentro deste sector absorbe case o 9% do total de empresas da área.

Se este dato xeral analízase segundo os concellos que integran a Mancomunidade, obsérvase como a distribución do número de empresas resalta os grandes contrastes que existen na área, no sentido de que son as zonas máis dinámicas as que absorben o maior número de empresas. Así, Vigo e os concellos que están influenciados pola súa economía, O Porriño, Mos e Redondela absorben case o 85% do total de empresas do sector industrial de toda a Mancomunidade de Vigo.

Pola contra os municipios que menos empresas teñen deste sector son Fornelos de montes e Pazos de Borbén que absorben entre os dous o 0,53% do total de empresas do sector industrial de toda área.

Outro dato que hai que resaltar é o emprego que xera este sector na área. O total de empresas do sector industrial absorben un total de 61.028 empregos, dos que o 69,63% están no concello de Vigo. No concello de O Porriño a pesar de haber un número de empresas menor que en Mos e Redondela xera o dobre de empregos que nestes concellos. Así, mentres en Redondela e Mos o sector industrial absorbe cerca do 6% do total de empregos deste sector na Mancomunidade, O Porriño, absorbe o 11%, dato que pode reflectir o tamaño das empresas instaladas neste municipio.

REXISTRO DE ACTIVIDADES INDUSTRIAIS. 1999



EXPLOTACIÓNS MINEIRAS

Se se analiza o sector secundario na área de Vigo e en concreto o subsector da minería obsérvase o grande peso que exerce este ó comprobar o número de explotacións mineiras que hai no territorio.

Pódese apreciar con claridade como a totalidade das 84 explotacións mineiras existentes sitúanse nos concellos do Sur da Mancomunidade. As extraccións máis importantes que se realizan son as de granito, seguidas das de grava e area, e as de arxila e caolín.

O concello que máis aporta a este sector é O Porriño. Nel están ubicadas 48 das 84 explotacións mineiras existentes, destacando por riba de todas as extraccións de granito, con 42 explotacións, seguidas polas de arxila e caolín con 3 explotacións e 2 de grava e area.

A continuación está o concello de Salceda de Caselas, onde existen 19 explotacións mineiras, 18 de granito e 1 de arxila e caolín; o concello de Salvaterra de Miño con 7, 4 de grava e area e 3 de granito; o


concello de Gondomar con 5, 4 de granito e 1 de grava e area, Mos con 4 explotacións e Nigrán con 1. O resto dos concellos non posúen ningún tipo de explotación mineira.

Por tipoloxía, as extraccións de granito son as máis importantes dentro do territorio. Todos os concellos que teñen algún tipo de explotación mineira posúen, a lo menos, unha de granito. Neste senso, o máis importante en canto a volume de explotacións deste produto é o de O Porriño, seguido de Salceda de Caselas.

O segundo tipo de produtos que máis explotacións presenta son as gravas e areas, cun total de sete. Neste caso é o concello de Salvaterra de Miño o que presenta un maior número destas explotacións mineiras, con catro.

As extraccións de arxila e caolín presentan un número moito máis reducido, volvendo a ser O Porriño o concello máis importante, onde se localizan tres das catro explotacións existentes.

EXPLOTACIÓNS MINEIRAS. 1999



Fonte: Anuario Estatístico de Vigo e a súa Área. Fundación Provigo. 1999
Elaboración propia

ACTIVIDADE COMERCIAL

A actividade comercial dentro da MAIV ten unha importancia destacable, debido, tanto ó número de empresas como ó número de empregos que esta xera.

Os cambios producidos nas últimas décadas, na economía española e galega, deron lugar a un proceso de terciarización da economía. Isto tradúcese nun progresivo aumento do peso relativo deste sector en detrimento sobre todo dos sectores industrial e agrario.


Vigo e a súa área de influencia non foi alleo a este cambio e tamén experimentou unha modificación da súa estrutura económica, de tal xeito que hoxe en día o sector servicios representa ó 85% das empresas da área e da emprego a máis do 60% da súa poboación ocupada.

Dentro deste ámbito sectorial o grupo que representa un maior peso, en función do número de empresas, é a actividade comercial e a hostalería. Non en vano entre as dúas absorben a máis do 42% das súas empresas e o 17,02% dos ocupados. E é a actividade comercial a que maior representación ten entre as dúas, absorbendo ó 32,5% do

total de empresas de todos os sectores e o 76% das empresas de hostalaría e comercio.

Dentro da Mancomunidade este reparto non é igual entre todos os concellos. Así, tal e como se pode observar no seguinte mapa, no que está representado o peso relativo que ten a actividade comercial de cada concello con respecto ó total da MAIV, Vigo e os concellos do seu contorno (Redondela, Nigrán, Mos e O Porriño) conforman un centro de atracción comercial moi importante dentro da área. De feito o 89,69% das licencias comerciais están radicadas nestes municipios.

No resto, a actividade comercial está bastante repartida, e xeralmente ten un carácter localista, de cara a atender ás necesidades básicas da poboación, agás para o caso de Baiona, onde as actividade vinculadas ó turismo teñen bastante importancia na súa economía, a pesar de que no mapa non quedan reflectidas, debido ó pequeno peso relativo da súa economía.



ESTABLECEMENTOS DE HOSTALERÍA

No ano 2003, Galicia recibiu máis de 3,5 millóns de viaxeiros, que tiveron unha estancia media de 1,74 días, sendo as provincias de A Coruña e Pontevedra as que máis persoas acolleron con preto do 80% do total de turistas.

Estes viaxeiros fixeron durante o ano un gasto medio de 130,64 euros, correspondendo o 42,03% ó aloxamento e o 29,47% á comida.

Na provincia de Pontevedra o gasto total situouse igual que a media galega pero a distribución entre aloxamento e comida diferiu, no sentido de que cada turista gastou máis en aloxamento (43,24%) e menos en comida (28,99%).

Na MAIV, aínda que non se posúen datos detallados, cabe esperar que o comportamento do sector non foi alleo a esta realidade, dado que no seu territorio hai concellos que teñen un gran atractivo turístico, como son Baiona, Vigo e Nigrán.

Deste xeito no seguinte mapa pódese observar como están repartidas as prazas hoteleiras, segundo a súa tipoloxía, nos distintos concellos da área. Nel podemos observar como estes tres concellos (Vigo, Nigrán e Baiona) forman o núcleo forte do turismo da área, concentrando máis do 77% das empresas do sector e dispoñendo de máis do 90% prazas de toda a Mancomunidade. No extremo oposto atópanse concellos como Salvaterra de Miño, Fornelos de Montes e Salceda de Caselas que non contan practicamente con infraestructuras para albergar os viaxeiros que pasen polo seu territorio.

Entre as categorías de establecementos máis representativas da área, polo seu número, están os hoteis e os hostais e pensións, cun total de 130 e 3.545 habitacións. Estes están radicados na súa meirande parte nos concellos de Vigo e Baiona.

Tamén é salientable o número de prazas das que se dispón nos cámpings. Son un total de 4.356, repartidas en 6 campamentos. Nesta categoría destacan os concellos de Vigo, Baiona, Nigrán e Redondela, posto que son os únicos que contan con este tipo de establecementos.

En consecuencia, poderíase dicir, que a MAIV posúe unha oferta hoteleira bastante interesante e que nos últimos anos está a crecer, o cal fai que a área se estea a converter nun destino turístico cada vez máis solicitado polos viaxeiros que recorren a xeografía galaica.



ÍNDICE TURÍSTICO

O **índice turístico** calcúlase en función da cota tributaria do imposto de actividades económicas (IAE), o cal ten en conta o número de habitacións, así como a ocupación anual (apertura durante todo ou parte do ano) e a categoría dos establecementos.

(Cota do IAE por actividades turísticas/Total cotas España) X 100.000

O estudio deste índice vainos permitir analizar, para cada un dos concellos, en que lugar está situado no referente ás actividades de turismo, así como cal é a súa posición dentro do contexto nacional.

No mapa pódese observar como Vigo, cun valor de 368, é o que ten un maior índice dentro do contexto da MAIV, debido a que é o concello que conta cun maior número de empresas e polo tanto a súa cota tamén é maior.


Tamén é salientable o peso que ten Baiona no índice turístico, xa que de cada 100.000 € pagados en España como cota do IAE por actividades turísticas, Baiona aportou 30 €. Este feito non é de estrañar, se temos en conta que o concello estase a converter nos


últimos anos nun referente a nivel nacional en materia de turismo, debido á atracción que teñen hoxe en día todas as actividades náuticas dentro da gama de opcións que ofrece o turismo de praia.

No resto dos concellos o peso é bastante baixo, e case sempre adoita ser un pouco máis alto nos concellos da costa que nos do interior, agás para o caso de O Porriño, que aínda que é un municipio considerado como industrial, ten un índice de 14, o que o coloca en cuarto lugar.



Fortaleza Monte Real de Baiona





MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

IX. NIVEL DE RENDA E OUTROS PARÁMETROS DE DESENVOLVIMENTO

NIVEL DE RENDA

O **nivel de renda** dunha poboación ven, xeralmente, medido polo indicador económico da *Renda Familiar Dispoñible*, para o que se adoita empregar a seguinte definición:

“Conxunto de rendas de que dispón unha unidade familiar para gastar ou aforrar”(Instituto Lawrence R. Klein, 2003)

Polo tanto, nel están computados todos os ingresos percibidos por unha economía familiar, independentemente da súa procedencia (traballo, actividades económicas, etc.), menos os impostos directos pagados e as cotas da seguridade social ingresadas.

Estes datos serven para avaliar o nivel de renda dunha poboación e en consecuencia tómase como un indicador de benestar, aínda que este depende tamén doutras variables (servicios sanitarios, educación, ocio, etc.)

O *Anuario Económico de España 2003*, elaborado polo *Servicio de Estudios Económicos de La Caixa*, elabora un índice de renda familiar dispoñible a partir dos datos provinciais de renda do INE, facendo

unha estimación a nivel municipal en base a unha serie de parámetros e á seguinte escala de valores:


Índice	Renda Familiar Dispoñible por habitante (euros)
1	Hasta 6.400 €
2	6.400 - 7.300 €
3	7.300 - 8.225 €
4	8.225 - 8.800 €
5	8.800 - 9.700 €
6	9.700 - 10.650 €
7	10.650 - 11.500 €
8	11.500 - 12.500 €
9	12.500 - 13.500 €
10	Máis de 13.500 €

Fonte: La Caixa. Anuario Económico de España. 2003

A maioría dos concellos da zona teñen un nivel medio de renda (3), que está entre os 7.300 € e os 8.225 €, o que os sitúa por debaixo das medias provinciais e autonómicas, que están en 4 e 5, respectivamente. Non embargantes, Vigo, Nigrán e O Porriño, teñen unhas rendas medias situadas por riba destes valores, xa que o anuario de la Caixa lles atribúe un índice 5, que os coloca entre os 8.800 € e os 9.700 €.

Nunha posición intermedia, localízanse os concellos de Gondomar e Baiona, cuxa renda está nos niveis medios provinciais (8.225 €-8.800 €).

RENDA FAMILIAR DISPOÑIBLE POR HABITANTE. 2003



Fonte: Anuario Económico de España. La Caixa. 2003
 Elaboración propia

PARQUE AUTOMOBILÍSTICO

Para coñecer o parque móbil existente na Mancomunidade desagregáronse os datos entre automóbiles, camións e furgonetas e outros vehículos a motor. Dentro deste últimos están incluídos as motocicletas, autobuses, tractores tanto industriais como agrícolas, e outros vehículos.


Nos datos que reflicte o mapa pódese comprobar como do total de vehículos que existen na Mancomunidade o 74,32% corresponden a automóbiles, o 15,32% a outros vehículos e o 10,36% a camións e furgonetas, neste grupo hai que ter en conta que soe ser sensiblemente maior o número de furgonetas que o de camións.

En canto á localización dos vehículos, constátase que o 69,17% de todos os vehículos da área da Mancomunidade están no concello e

Vigo, o 26,03% están concentrados nos concellos limítrofes a esta área urbana e o resto da porcentaxe distribúese entre o resto dos concellos.

Entre estes, hai que resaltar os casos de Fornelos de Montes e Pazos de Borbén, onde a concentración de vehículos non chega ó 1% en cada un dos concellos do total da Mancomunidade.

En canto ó número de automóbiles por cada habitante hai que resaltar que non existen grandes diferencias entre un municipios e outros. Na maioría deles a media sitúase entre 0,40 e 0,50 coches por cada habitantes, exceptuando Baiona que o rateo é de 0,35 coches por habitante.



NIVEL DE COBERTURA DE TELEFONÍA FIXA


O nivel de cobertura en telefonía fixa na área de Vigo permite, de novo constatar a existencia de contrastes entre os municipios.

Cos datos reflectidos no mapa pódese comprobar que é no concello de Vigo onde existe a maior concentración de telefonía de toda a Mancomunidade, e nos concellos de Pazos de Borbén e Fornelos de Montes, onde esta concentración é menor. Aínda así, se se analiza a información, tomando como referencia o número de teléfonos por cada 100 habitantes, vese que non existen grandes diferencias entre os municipios. Así Fornelos de Montes e Salceda de Caselas teñen 26 e 27 teléfonos por cada 100 habitantes, respectivamente, e Vigo e Nigrán acadan 43 e 41 teléfonos por cada 100 habitantes, quedando o resto dos concellos cunha media de 35 teléfonos.

Se estes datos os comparamos cos do ano 1991, obsérvase como foron os concellos máis afastados do núcleo urbano de Vigo os que experimentaron un maior crecemento na dotación desta infraestrutura. No ano 1991 Fornelos de Montes, Pazos de Borbén e Salvaterra de Miño tiñan tan só 6 ou 7 teléfonos por cada 100 habitantes, polo tanto nestes concellos houbo un crecemento de máis do 300% na súa cobertura de telefonía fixa, e nos concellos de Nigrán ou O Porriño este incremento foi tan só do 18% aproximadamente.

Un dato que hai que resaltar é o caso de Vigo, onde a cobertura de telefonía fixa diminuíu cerca dun 1%, o cal pode gardar unha estreita relación co incremento que experimentou neste últimos 10 anos a telefonía móbil.

NIVEL DE COBERTURA DE TELEFONÍA FIXA. 2003




ENTIDADES BANCARIAS E CAIXAS DE AFORRO

A localización das entidades bancarias e caixas de aforro no ámbito da Mancomunidade de Vigo está moi concentrada naquelas áreas que presentan un maior dinamismo e actividade económica, así como nos espazos de maior concentración demográfica.

Se se observa o mapa, conséntase que máis do 76% destas entidades están situadas no concello de Vigo, o 19% están concentradas nos núcleos costeiros e O Porriño e a restante porcentaxe distribúese nos demais concellos.

En canto o tipo de entidade, hai que mencionar que en todos os concellos, existen tanto bancos como caixas de aforro, excepto nos concellos de Pazos de Borbén e Fornelos de Montes, onde só desenvolven a súa actividade as caixas de aforro, existindo en cada un dos mesmos soamente unha entidade.



TECIDO ASOCIATIVO

O dereito ó asociacionismo, en España, está recollido no artigo 22 da Constitución Española e na lei orgánica 1/2002, de 22 marzo. Nela recoñécese o dereito á libre asociación das persoas físicas e xurídicas para o desenvolvemento de fins lícitos e declárase que ninguén pode ser obrigado a pertencer a unha asociación ou a declarar a súa pertenza.

Hoxe en día, a tipoloxía das asociacións é bastante variada, abarcando dende o movemento veciñal ata as de tipo deportivas, culturais, etc.


No seguinte mapa pódese observar o seu reparto a nivel municipal. Nel o que resalta a primeira vista é o grande número de asociacións que existen no concello de Vigo. Aínda que estes datos son relativos, posto que se se quere profundar neles hai que estudialos dunha forma relativa, tendo en conta a poboación de cada un dos concellos. Pero na táboa seguinte, que representa o número de asociacións por cada mil habitantes, pódese constatar que non é especialmente Vigo o que ten unha maior cantidade de asociacións por volume de


poboación, senón que estas teñen unha maior incidencia en Fornelos de Montes, Salvaterra de Miño e Soutomaior.

	Nª asociacións por cada mil habitantes		Nª asociacións por cada mil habitantes
Baiona	2,01	Redondela	3,20
Fornelos de Montes	8,22	Salceda de Caselas	2,99
Gondomar	2,71	Salvaterra de Miño	6,93
Mos	2,05	Soutomaior	6,84
Nigrán	2,11	Vigo	1,60
O Porriño	6,55	MAIV	2,05
Pazos de Borbén	1,19		

Fonte: Fundación Provigo 1999

Por tipoloxía, a nivel xeral, as máis abundantes son as culturais, seguidas das catalogadas como outras entidades de carácter social (asociacións de mulleres, xuvenís, asociacións empresariais, etc..) e das asociacións veciñais, aínda que estes datos hai que matizalos por concellos. Así, en Fornelos de Montes, Pazos de Borbén e Soutomaior máis do 40% dos entes asociativos son comunidades de montes, mentres que en Mos e Porriño, é o movemento veciñal o que ten un maior peso. No resto dos concellos, as entidades que priman son as asociacións culturais, exceptuando Vigo, onde existe unha maior proporción de outras entidades de carácter social.





MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

X. ORDENACIÓN DO TERRITORIO INFRAESTRUCTURAS E EQUIPAMENTOS

PLANEAMENTO URBANÍSTICO VIXENTE

O mapa urbanístico da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo amosa os plans e normas polas que se rexe cada concello á hora de planificar o seu territorio.

Os tipos de normas que estruturan o solo dos municipios da MAIV poderían clasificase en tres categorías os Plans Xerais de Ordenación Urbana (P.X.O.U.), os Plan Xerais de Ordenación Municipal (P.X.O.M.) e as Normas Subsidiarias de Planeamento (NN.SS.P.).


A diferenza existente entre o PXOU e PXOM é temporal xa que, cronoloxicamente, os primeiros plans xerais que elaboraron os concellos para ordenar o seu propio territorio denominábanse P.X.O.U.

As Normas Subsidiarias de Planeamento son normas obrigatorias que establece a Xunta de Galicia para aqueles concellos que non dispoñen de plans xerais propios. A súa función é similar á dos PXOM,

establecendo normativas que regulan a ordenación do territorio dun municipio.

No seguinte mapa pódese observar como os concellos de Vigo e Baiona son os únicos que teñen un Plan Xeral de Ordenación Urbana. Mentres que os que dispoñen dun Plan Xeral de Ordenación Municipal son os concellos de Fornelos de Montes, Gondomar e O Porriño. O resto dos concellos, Soutomaior, Pazos de Borbén, Redondela, Mos, Nigrán, Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño, teñen que axustarse ás Normas Subsidiarias por non dispor de ningún dos planeamentos anteriores.

Non obstante, algúns dos municipios da MAIV como Soutomaior, Pazos de Borbén, Redondela, Mos, Vigo e Nigrán están en trámites de aprobar unha nova normativa de ordenación do seu territorio e nun futuro próximo, terán un P.X.O.M. polo que se rexerá cada concello e que intentará estruturar, ordenar e solucionar as necesidades que presenten.



REDE VIARIA

A rede viaria que existe na Mancomunidade está formada por infraestruturas de distinta tipoloxía, como son as autoestradas, as autovías, as estradas nacionais, as estradas autonómicas (de primeiro e de segundo orde), as estradas provinciais, as locais e o ferrocarril.

Aparellada a esta clasificación está tamén a titularidade das mesmas, que pode ser do estado, da Comunidade autónoma, da Deputación Provincial ou dos Concellos. Facer distincións entre unhas e outras, moitas veces non é doado, aínda que o criterio xeral soe ser a amplitude das mesmas. Así por exemplo, unha autoestrada é de titularidade nacional cando o seu percorrido afecta a varias autonomías, e, en cambio, é autonómica cando só discorre polo territorio dunha comunidade autónoma.

Na MAIV, a rede viaria está configurada en torno ó grande eixo urbano conformado polo núcleo de Vigo-Redondela-O Porriño. Neste eixo, a vía de comunicación principal está formada pola autoestrada A-9 e polas autovías A-52 e A-55, que canalizan á maioría do tráfico existente con Pontevedra, Santiago, A Coruña, Ourense, a meseta e


Portugal. E Pol vía férrea que atravesa a Mancomunidade de Norte a Sur, unindo Vigo co norte de Galicia, con Portugal e coa Meseta.

Tamén xoga un papel destacado a autoestrada do Val Miñor, que une Vigo con Nigrán e Baiona (A-57). Esta cumpre un papel de circunvalación, canalizando o tráfico dirixido cara as praias da zona, onde adoita veranear unha grande cantidade de poboación da Mancomunidade e de fóra.

No que atinxe á rede de estradas nacionais, a Mancomunidade conta con cinco tramos: N-550 (A Coruña-Tui), N-120 (Vigo-Ponferrada), N-556 (Vigo-aeroporto), N-555 (aeroporto-Redondela) e N-552 (Vigo-Redondela).

As estradas autonómicas están compostas por vías de primeiro e segundo orde. Entre as primeiras destacan, na parte septentrional, as estradas que unen Redondela con Pazos de Borbén e Fornelos de Montes e a que une Soutomaior co norte da provincia. Mentres que entre as segundas destaca, no sur, a que une Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño.

O resto da rede está conformada por estradas de titularidade municipal e provincial que soen unir os diferentes núcleos de poboación existentes en cada un dos concellos.



INFRAESTRUCTURA PORTUARIA

O Porto de Vigo situado estratexicamente na Ría de Vigo presta servizo á zona sur de Galicia, e estende a súa área de influencia ó Norte de Portugal e á Meseta Castelán. Esta influencia está sendo beneficiada pola posta en servizo da autopista Vigo-Porto-Lisboa e da autovía Porriño-Madrid (A-52).

Na seguinte táboa pódese observar como o porto mantivo unha evolución á alza no volume total de tráfico marítimo durante o período 1993-2000, producíndose posteriormente un retroceso importante nos anos 2001-2002, onde o tráfico portuario caeu en máis dun 40% con respecto ó período 99-00.

Por tipoloxía do tráfico marítimo destaca a mercancía xeral, que supón o 67% do total, e neste grupo é o granito o que ten maior importancia.

A maior parte do tráfico de saída do porto ten como destino o exterior das nosas fronteiras (69,43%), salientando o que vai destinado a países como Francia, Italia e Reino Unido, que superan cada un deles

as 100.000 Tn., e que acadou, para o caso de Francia, a cifra de 344.770 Tn.

No ano 2003 o porto é o primeiro de España, e un dos primeiros do mundo, tanto en pesca fresca como en conxelada, así como en capacidade frigorífica instalada. Ademais de ser uns dos mais importantes en canto á actividade empresarial dos seus armadores de pesca, exportadores, vendedores, fábricas de conservas e empresas frigoríficas.

O porto pesqueiro tivo durante a súa historia varias fases, pasando de ser un porto de descarga de pesca en fresco a ser un porto moderno que conta cunhas instalacións que, ademais do peixe fresco, permítenlle descargar conxelado e salgado. De feito na actualidade as descargas destes dous últimos superan en máis do dobre ás de fresco.


A capacidade frigorífica do porto de Vigo supera os 500.000 metros cúbicos, o que o sitúa no primeiro posto a nivel nacional (moi por riba do seguinte) e entre os primeiros a nivel mundial¹.

¹ Memoria anual do porto de Vigo. 2002.

INFRAESTRUTURA PORTUARIA

Simbología

-  Porto de transatlânticos
-  Porto comercial
-  Porto pesqueiro
-  Porto deportivo
-  Transporte público da Ría
-  Área portuaria de Vigo



PORTO DE VIGO

	MERCADURÍAS (toneladas)					PESCA (toneladas)		CONTEDORES		TOTAL (toneladas)
	CARGADAS	DESCARGADAS	CABOTAXE	EXTERIOR	TOTAL	FRESCA	TOTAL	Nº	(toneladas)	
93-94	2.099.600	4.062.101	2.477.132	3.684.569	6.161.701	172.248	764.817	165.546	1.552.082	8.478.600
	24,76%	47,91%	29,22%	43,46%	72,67%	2,03%	9,02%	1,95%	18,31%	100,00%
95-96	2.201.951	3.664.264	2.031.278	3.834.937	5.866.215	183.338	921.198	166.127	1.610.894	8.398.307
	26,22%	43,63%	24,19%	45,66%	69,85%	2,18%	10,97%	1,98%	19,18%	100,00%
97-98	2.300.629	3.371.099	1.321.243	4.350.485	5.671.728	164.125	1.058.934	216.265	2.041.586	8.772.248
	26,23%	38,43%	15,06%	49,59%	64,66%	1,87%	12,07%	2,47%	23,27%	100,00%
99-00	2.779.744	3.882.893	1.367.548	5.295.089	6.662.637	158.098	1.107.001	285.637	2.621.186	10.390.824
	26,75%	37,37%	13,16%	50,96%	64,12%	1,52%	10,65%	2,75%	25,23%	100,00%
01-02	1.530.849	2.275.808	1.349.412	2.457.245	3.806.657	80.062	570.711	152.442	1.475.682	5.853.050
	26,15%	38,88%	23,05%	41,98%	65,04%	1,37%	9,75%	2,60%	25,21%	100,00%
03	813.685	1.162.418	668.736	1.307.367	1.976.103	33.430	302.472	76.868	792.472	3.071.047
	26,50%	37,85%	21,78%	42,57%	64,35%	1,09%	9,85%	2,50%	25,80%	100,00%

AEROPORTO DE PEINADOR

O aeroporto de Peinador está situado nos termos municipais de Mos, Redondela e Vigo, a 9 km do núcleo urbano de Vigo e a 28 km da capital da provincia.

Este aeroporto, que está catalogado como de terceira categoría e clase internacional, conta cunha única pista de 2.400 m de longo por 45 m de ancho e unha plataforma de 49.560 m², dos que 900 m² corresponden ó heliporto.

A terminal de pasaxeiros, de 7.500 m², ocupa dúas plantas do edificio principal, que inclúe a zona de saídas, chegadas, restauración, tendas, servizos e administración.

Tamén dispón dunha torre de control, unha terminal de carga, un edificio contra incendios e salvamento, un centro de emisións, unha zona de aviación xeral e unha central eléctrica.

O tráfico existente nel, correspóndese principalmente cos voos da aviación comercial, dos que a maior parte ten carácter nacional. Os

voos internacionais son escasos, polo que se realizan vía Madrid, onde os pasaxeiros teñen que cambiar de avión e realizar o control de pasaportes.


Así e todo o número de usuarios aumentou sensiblemente nos últimos anos, tal e como se pode observar na seguinte táboa:

EVOLUCIÓN DO TRÁFICO DE PASAXEIROS			
Ano	Pasaxeiros	Ano	Pasaxeiros
1994	364.230	1999	621.488
1995	391.374	2000	721.608
1996	437.982	2001	790.540
1997	555.428	2002	778.861
1998	582.679	2003	840.007

Fonte: Aena (2003)

No ano 2003, o aeroporto xestionou 840.007 pasaxeiros, 13.455 movementos de aeronaves e 1.134 Tn. cargadas. Estes datos sitúano no vixésimo primeiro posto a nivel nacional, estando proxectado no plan director que acada os 950.700 pasaxeiros, 12.050 operacións e 3.300 Tn para o 2010, e que no 2015 as cifras sexan de 1.132.630 pasaxeiros, 13.850 operacións e 4.400 Tn. cargadas.

AEROPORTO DE PEINADOR



SERVICIOS SANITARIOS

A Constitución Española garante, no seu artigo 43, un sistema de protección sanitaria universal, que protexe a todos os cidadáns do Estado. Por outra banda, o Estatuto de Autonomía de Galicia, dentro do marco que prevé a Constitución nos artigos 148 e 149 no tocante á distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas, confírelle a esta plena capacidade para o desenvolvemento e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior.


Deste xeito, os servicios sanitarios no noso territorio organízanse en servicios de atención primaria e servicios de atención especializada. Entre os primeiros están o médico de cabeceira, o ATS, o pediatra, a matrona e o asistente social que desenvolven o seu traballo nos centros de saúde. Mentres que no segundo grupo están os servicios de atención que se ofrecen nos hospitais.

Na MAIV, os servicios de atención primaria, ofrecidos en 32 centros de saúde, están formados por un total de 238 médicos, 199 ATS, 56 pediatras, 16 matronas e 11 asistentes sociais, o que dá unha media de 0,59 médicos e 0,49 ATS por cada 1.000 habitantes, e 1,66 pediatras por cada 1.000 rapaces menores de 9 anos.

En canto á distribución por concellos, hai que dicir que é en Salvaterra de Miño onde se presentan os valores máis altos no que se refire a médicos e ATS, e en Fornelos de Montes no tocante a pediatras. No lado oposto está Baiona, que ten uns índices moi por debaixo da media da Mancomunidad no referente a médicos e ATS.

Por outra banda, se se analiza o número de hospitais, a Mancomunidad presenta unha oferta de 15 centros cun total de 2.192 camas, o que dá unha media de 5 camas por cada mil habitantes da área. A totalidade destas instalacións están emprazadas no concello de Vigo, sendo o centro de maior capacidade o Hospital Xeral de Vigo, que conta con 582 camas.

No que atinxe á titularidade, o 48,13% das camas ofertadas na área son privados, estando POVISA, con 473 camas, á cabeza deles. Estes centros adoitan contar con concertos coa administración pública para a cesión de camas a pacientes do SERGAS.



SERVICIOS Á TERCEIRA IDADE

O benestar da 3ª idade atópase garantido polo artigo 50 da Constitución Española, no que se promulga que os poderes públicos promoverán o benestar desta poboación mediante un sistema de servizos sociais que atenderá os seus problemas específicos de saúde.

Estas competencias correspóndenlle, a partir do estatuto de 1981, á Comunidade Autónoma galega, estando xestionados pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

Os servizos Sociais estrutúranse en dous niveis de atención (primaria e especializada) e nove áreas de atención, entre as que figura a da vellez (Lei 4/1993, 14 abril, de servizos sociais, artigo 5º).


Considéranse, segundo a normativa, servizos sociais de atención especializada para a vellez, aqueles orientados á conseguir o maior nivel de benestar posible á terceira idade, así como a acadar a súa autonomía e integración social.

A Orde do 18 de abril de 1996 que regula as condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención ás persoas maiores, establece a tipoloxía destes equipamentos, diferenciando segundo as súas características os seguintes: residencias, vivendas comunitarias, apartamentos tutelados, centros de día, fogares, clubs e centros sociais.

A Mancomunidad de Vigo conta cunha poboación maior de 65 anos de 21.526 persoas, que dispón dunhas 1.005 prazas nas residencias da terceira idade.

Agora ben, se se fai unha análise por concellos pódese observar como tan só catro concellos da área contan con residencias, sendo Vigo o mellor dotado, cunha media de 177 camas por cada 1.000 persoas maiores de 65 anos.

Outro dato a ter en conta é que, aínda que a oferta de servizos cara este sector da poboación é moi variada no territorio, hai catro concellos (Fornelos de Montes, Gondomar, Salceda de Caselas e Soutomaior) que non teñen ningún tipo de instalacións dirixidas ó colectivo de persoas maiores. Mais isto non é de todo certo, posto que na maioría dos concellos hai un traballador social e servizos de asistencia a domicilio que compensan dalgunha forma a carestía de infraestruturas.



EQUIPAMENTO CULTURAL

No seguinte mapa está representada a oferta de equipamento cultural de cada un dos concellos que compoñen a Mancomunidade de Vigo. Nel obsérvase as diferentes dotacións de bibliotecas municipais, museos e salas de cine que existen no territorio.

Deste xeito, pódese apreciar como a maior concentración de oferta cultural atópase no Concello de Vigo, que conta cunha biblioteca de titularidade municipal, 28 salas de cine e 8 museos.

De seguido, sitúanse o Concello de O Porriño, con 2 bibliotecas, 2 salas de cine e 1 museo; Redondela, con 2 bibliotecas e 2 salas de cine; e Nigrán con 1 biblioteca e 2 salas de cine. O resto conta, cada un deles, con 1 biblioteca municipal, agás Fornelos de Montes que non ten ningún equipamento desta tipoloxía.


En canto a bibliotecas, hai que dicir que só están representadas as que dependen directamente do concello, polo que non están recollidas as que dependen de institucións como a Universidade ou as diferentes

fundacións que actúan sobre o territorio. Deste xeito, en toda a área existen un total 13 bibliotecas que posúen en conxunto máis de 200.000 volumes. Destas a de maior tamaño localízase en Vigo, contando con 130.000 volumes. A esta séguelles a de Baiona, con 13.526; Redondela e Pazos de Borbén, con 12.000; e O Porriño con 11.955. No resto non se pasa dos 10.000 volumes en cada unha delas.

Por outra banda, soamente os Concellos de Vigo e O Porriño contan con museos entre as súas instalacións dedicadas ó ocio e á cultura. Así, Vigo ten un total de 8 e O Porriño só conta con 1 museo.

Por último, as salas de cine están presentes en 4 concellos da área, cun total de 34, sendo Vigo o que ten un maior número delas (28). No resto, Nigrán, Redondela e O Porriño, están repartidas, contando cada un deles con 2.

EQUIPAMENTO CULTURAL



Fonte: Fundación Provigo. Anuario Estatístico de Vigo e a súa Área. 1999
Elaboración propia

CENTROS EDUCATIVOS

A educación regrada, segundo a LOCE, está conformada polos niveis de Educación Primaria, Educación Secundaria, Bacharelato e os ciclos da Formación Profesional.

A Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, segundo o último mapa escolar elaborado polo IGE (Curso 1998-1999), conta cunha poboación en idade escolar de 72.297 persoas, estando concentrada o 68,10% dela no concello de Vigo.


Esta poboación dispón dunha oferta variada de centros onde se imparte algún dos niveis contemplados na lei. Concretamente, en toda a área, existen 121 centros de primaria, 136 de secundaria e 27 de FP.

Non embargantes, o reparto destas instalacións non é homoxéneo entre os concellos, habendo municipios que contan con varios centros

de distinta tipoloxía e outros nos que a poboación só ten acceso a Educación Primaria.

Así, dos datos amosados no seguinte mapa pódense salientar os seguintes feitos:

- A maior concentración de centros está en Vigo, xa que é este concello o que conta co maior número de poboación en idade escolar.
- Fornelos de Montes só conta cun centro de Educación Primaria, tendo que desprazarse os seus rapaces ata Pazos de Borbén para poder cursar os estudos de secundaria.
- No que se refire ós estudos de FP, soamente Redondela, Salvaterra de Miño, Vigo, Nigrán, Baiona e O Porriño teñen algún centro onde se poidan cursar. Ademais, a oferta de especialidades nestes centros é variada, primando na maioría deles a rama da xestión administrativa.



UNIVERSIDADE DE VIGO

A Universidade é unha institución, que transmite o coñecemento, espalla a cultura, investiga e dá pulo o desenvolvemento dunha sociedade (Consultora galega S.L., 2002). Os estudos universitarios que ofrece están configurados en carreiras de 1º ciclo, de 1º e 2º ciclo, de só 2º ciclo e de 3º ciclo.

Esta institución, conta con tres campus distribuídos entre as cidades de Vigo, Ourense e Pontevedra, e con varios centros adscritos nos que se poden cursar un total de 47 titulacións, distribuídas entre 31 centros docentes.

O campus de Vigo é o de maior dimensións e está localizado na Parroquia de Zamáns (Vigo), ofrece un total de 19 titulacións, repartidas entre as facultades de Filosofía e Traducción, Ciencias, Ciencias Económicas e Empresariais, Dereito, e a Escola Técnica Superior de Enxeñería Industrial e Minas, Escola Superior de

Enxeñería de Telecomunicacións, Escola universitaria de Enxeñería Técnica Industrial e Escola Universitaria de Ciencias Empresariais.

Ademais, como centros adscritos dispón de dúas Escolas Universitarias de Enfermería (localizadas nos Hospital Meixoeiro-Sergas e Povisa), unha Escola Universitaria de Relacións Laborais e unha Escola Universitaria de Formación do profesorado de EXB.


Actualmente, a Universidade de Vigo e as súas instalacións do campus universitario de Zamáns (residencia de estudantes e profesores, facultades e escolas técnicas) xeran un importante foco de actividades, xa que da emprego a 1.596 persoas e mobiliza a máis de 19.000 alumnos, segundo as estatísticas correspondentes ó curso 2000/2001.

UNIVERSIDADE DE VIGO

CAMPUS	Nº DE CENTROS DOCENTES	NÚMERO DE TITULACIÓNS	Nº ESTUDIANTES 1º E 2º CICLO	Nº ESTUDIANTES 3º CICLO	NÚMERO DE PROFESORES	Nº PERSOAL ADMÓN. E DE SERV.	% ALUMNOS PRESENTADOS	% ALUMNOS APROBADOS 99/00
<i>Campus de Pontevedra</i>	6	8	3.364	54	262	68	61,9%	51,5%
<i>Campus de Ourense</i>	7	14	7.429	152	410	94	57,5%	45,9%
<i>Campus de Vigo</i>	12	19	19.015	550	1.170	426	62,2%	45,5%
<i>Total</i>	25	41	29.808	756	1.842	588	60,7%	46,2%

CENTROS E ESCOLAS UNIVERSITARIAS DE VIGO
FORA DO SEU CAMPUS UNIVERSITARIO

NOME	Nº DE CENTROS DOCENTES	NÚMERO DE TITULACIÓNS	Nº DE ALUMNOS DE 1º E 2º CICLO
<i>Enxeñería Técnica Industrial</i> (Torrecedeira)	1	1	2.012
<i>Empresariais</i> (Torrecedeira)	1	1	1.583
<i>EU de Relacións Laborais</i> (Sárdoma)	1	1	1.635
<i>EU de Enfermería</i> (Hospital Meixoeiro)	1	1	168
<i>EU de Enfermería</i> (Hospital POVISA)	1	1	196
<i>EU de Formación do profesorado</i> (Sárdoma)	1	1	453



MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

XI. PATRIMONIO CULTURAL E RECURSOS TURÍSTICOS

PATRIMONIO

No seguinte mapa están representados os diferentes tipos de patrimonio existentes na Mancomunidade, segundo o reflectido nas Normas Complementarias e subsidiarias do Planeamento da Provincia de Pontevedra do ano 1991. Nel distínguense catro tipos de elementos patrimoniais: relixioso, civil, militar-defensivo e etnográfico.

Deste xeito a Mancomunidade ten recoñecidos un total de 311 bens inmobles de interese patrimonial, destacando por riba de todos a riqueza patrimonial da igrexa, cun total 168 edificios entre igrexas, capelas, panteóns e conventos.

Por concellos, Vigo é o que conta con máis inmobles relixiosos, posuíndo un total de 29. Ségueno Salvaterra de Miño con 21; Redondela e O Porriño con 17; Gondomar e Baiona con 14; Nigrán con 13; Mos con 12; e Salceda de Caselas, Fornelos de Montes e Pazos de Borbén con 11, 10 e 9 respectivamente.


Dentro do patrimonio civil encádranse inmobles como casas, pazos, pontes, torres, fontes ou fortalezas. Este tipo de patrimonio ocupa o segundo lugar en canto a número de edificios, cun total de 135.

Dentro desta categoría, o concello de Vigo segue a ser o que alberga a maior cantidade deste patrimonio civil cun total de 57 edificios. O resto dos concellos presentan un número de bens civís moi inferior ó de Vigo, sendo Nigrán o segundo en importancia, con 15 edificios, seguido de Salvaterra de Miño con 14; Redondela con 12; Baiona con 9; O Porriño con 8; Salceda de Caselas e Mos con 5; Soutomaior con 4; e Fornelos de Montes e Gondomar con 3. Mención especial merece o concello de Pazos de Borbén no que non se atopa ningún tipo de patrimonio civil.

Por outra banda, no tocante a patrimonio de tipo militar, a súa presenza, na Mancomunidade, é bastante escasa en comparación cos anteriores, existindo soamente 7 bens inmobles entre os que atopamos tres castelos, unha fortaleza, unha torre, un recinto amurallado e un pazo. Estes soamente se atopan en 4 dos 12 concellos da área, sendo Salvaterra de Miño o que presenta un maior número de edificios con un total de catro. Os outros tres bens inmobles de patrimonio militar localízanse nos concellos de Soutomaior, Nigrán e Gondomar.

Por último, o patrimonio etnográfico da Mancomunidade soamente está representado polas ruínas do muíño de vento de San Paio de Navia, en Vigo.

PATRIMONIO



Fonte: Normas Complementarias e Subsidiarias do Planenamento da Provincia de Pontevedra. 1991
Elaboración propia

BENS DE INTERESE CULTURAL

A Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo presenta un amplo e variado abano de bens de interese cultural (BIC) localizados ó longo do seu territorio. De feito, a práctica totalidade dos concellos da MAIV, agás Salceda de Caselas e Mos, presentan algún tipo deles, sendo 60 o número de elementos existentes en toda a área.

A normativa competente na materia cataloga cinco tipos de BIC: bens culturais arqueolóxicos, relixiosos, de patrimonio militar-defensivo ou conxuntos histórico-artísticos e outros.

Deste xeito, o patrimonio arqueolóxico é o que presenta un maior número, cun total de 35 bens, resaltando o caso de Pazos de Borbén con 19. En Redondela existen 5 catalogados; 3 en Vigo e Gondomar; 2 en O Porriño e 1 en Fornelos de Montes, Soutomaior e Nigrán.

O segundo tipo de patrimonio que presenta maiores BIC é o referido ó militar defensivo, cun total de 9. Neste caso é o concello de Salvaterra de Miño o que presenta o maior número deste tipo de

edificacións cun total de 4, seguido de Vigo con 2 e Soutomaior, Nigrán e Gondomar con 1 cada un deles.


Por outra banda, chama a atención os escasos bens de interese cultural que presenta a igrexa en relación ó amplo patrimonio que posúen. Así, dos 171 edificios que pertencen ó clero soamente 3 están catalogados como ben de interese cultural, localizándose dous deles no concello de Vigo e o outro no de Nigrán.

Os conxuntos histórico-artísticos teñen unha menor representación dentro da MAIV. Así, Vigo e Baiona son os únicos concellos que teñen esta denominación gracias ó valor e ás características propias que presentan estes conxuntos respecto ó resto do casco urbano. Destaca o caso de Vigo onde se recollen 6 bens deste tipo.

Se facemos unha análise por concellos, obsérvase como Vigo é o que presenta unha maior diversidade de bens de interese cultural, xa que conta cos cinco tipos de patrimonio catalogado e posúe 16 bens desta tipoloxía.

Ademais, Nigrán tamén conta cun variado patrimonio catalogado de interese cultural, xa que, agás para a categoría de patrimonio histórico artístico, posúe un ben en cada unha das tipoloxías.

Os outros concellos como de Pazos de Borbén ou Redondela presentan un amplo patrimonio de bens culturais pero só de interese arqueolóxico. O mesmo se pode dicir para Salvaterra de Miño, que só presenta bens de interese cultural de tipo militar-defensivo.



RECURSOS TURÍSTICOS

Os concellos que conforman a Mancomunidade de Vigo amosan unha grande cantidade e variedade de recursos turísticos, que van dende os máis tradicionais, baseados no seu patrimonio relixioso, ata as tendencias máis modernas, onde se conxugan natureza e actividades deportivas.

Así, no seguinte mapa, no que están representados aqueles recursos considerados como principais focos de atracción para o viaxante, pódese observar como a Ría de Vigo, ademais de influír decisivamente na vida social e económica da Mancomunidade, constitúe de por si un gran polo de atracción turística, debido, entre outras, á beleza das súas paisaxes e á fermosura das súas praias.

Deste xeito, os concellos costeiros da área presentan a maior cantidade e variedade destes elementos, entre os que cabe salientar os cascos históricos de Baiona, Vigo e Redondela, a Fortaleza de Monte Real e o Parador de Turismo de Baiona, o Castelo de Soutomaior, praias como as de América (Nigrán), Samil (Vigo) e Cesantes


(Redondela), así como toda unha grande variedade de paisaxes, onde se funden o monte co mar, coa presenza das Illas Cíes ó fondo.

De todas as maneiras, as novas tendencias do turismo, co auxe do turismo rural e as actividades de sendeirismo, rutas a cabalo, etc., tamén están a xerar unha posta en valor dos recursos do interior da Mancomunidade. Nesta zona, as paisaxes de media montaña e de ribeira (a Serra do Suído, o encoro de Eiras, as Gándaras de Budiño, as marxes do río Tea, etc.), o patrimonio etnográfico (muíños, hórreos, casas de aldea, foxos do lobo, etc.) e o patrimonio relixioso, constitúen grandes alicientes para que o turista se atreva a coñecer a outra cara da MAIV.

Así, o viaxeiro que queira coñecer máis a fondo a diversidade social, patrimonial e paisaxística da Mancomunidade de Vigo, ten a oportunidade de percorrer a pé o sendeiro das Greas, que a través de varias etapas e máis de 200 km de percorrido, atravesa os doce concellos da área.

Nel, o camiñante pode disfrutar dos antigos camiños que “serviron para desprazamento de persoas, carros e bestas” (Mancomunidade de Vigo, 2001), así como dunha variedade de paisaxes que van desde a costa ata as serras do interior, pasando polos magníficos miradoiros que constitúen as serras do Galiñeiro e da Groba.

RECURSOS TURÍSTICOS



BIBLIOGRAFÍA

- ④ CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO. *Camiños Portugueses de Peregrinación a Santiago*. Xunta de Galicia. 1999.
- ④ CONSELLERÍA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E OBRAS PÚBLICAS. *Normas complementarias e subsidiarias de planeamento da provincia de Pontevedra*. Xunta de Galicia. 1999.
- ④ INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES. *Atlas Básico de Vigo e a súa Área*. Xerais, Vigo. 1999.
- ④ INSTITUTO LAWRENCE R. KLEIN. *Anuario económico de España 2002*. Fundación “la Caixa”. Barcelona. 2002.
- ④ INSTITUTO LAWRENCE R. KLEIN. *Anuario social de España 2003*. Fundación “la Caixa”. Barcelona. 2003.
- ④ MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO. *Guía do Sendeiro das Greas*. Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo. Vigo. 2001.
- ④ M^a PILAR DE TORRES LUNA E ALBERTO PAZO LABRADOR. *Parroquias y arziprestazgos de Galicia*. Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela. 1994.
- ④ UNIDADE DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO. *Estudio Socioeconómico da Área de Vigo*. Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo. Vigo. 2001.
- ④ VVAA. *Atlas Xeográfico Cumio de Galicia e do mundo*. Cumio. Vigo, 2003.
- ④ VVAA. *Vigo: Economía e Sociedade*. Xerais. Vigo. 2003.
- ④ VVAA. *Estructura productiva del sector privado en Vigo y su Área de influencia: 1993-1997*. Consorcio Zona Franca de Vigo. Vigo. 2001.
- ④ VVAA. *Anuario estatístico e proxecto de área metropolitana para Vigo e a súa área de influencia*. Fundación Provigo. Vigo. 1999.
- ④ ZOIDO, F. ET ALT. *Diccionario de geografía urbana, urbanismo y ordenación del territorio*. Ariel. Barcelona. 2000.

FONTES DE INFORMACIÓN

- Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea. AENA.
- Autoridade Portuaria de Vigo.
- Cámara de Comercio, Industria e Navegación.
- Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.
- Compañía de Radio Televisión Galega.
- Concello de Vigo.
- Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.
- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Consellería de Medio Ambiente.
- Consellería de Sanidade.
- Dirección Xeral de Belas Artes. Ministerio de Cultura.
- Federación Galega de Parques Empresariais (FEGAPE).
- Fundación “La Caixa”.
- Fundación Provigo.
- Instituto Galego de Estatística (IGE).
- Instituto Nacional de Estadística (INE).
- Turgalicia.
- Universidade de Vigo.
- Zona Franca de Vigo.

A presente publicación, resultado dun exhaustivo traballo de captación e procesamento da información estatística e cartográfica, ofrece as características do territorio da área intermunicipal de Vigo, dos seus concellos e dos seus contrastes internos a través de diversos parámetros representados en diferentes mapas temáticos.

Pretende ser unha ferramenta de traballo dirixida ós diferentes actores sociais da área de Vigo que necesiten obter información específica para a elaboración de análises concretas e poder establecer estratexias coherentes coa realidade territorial onde se desenvolven.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,
EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

